A Costa da Morte

Confín de Europa

Xan X. Fernández Carrera

Textos:
Xan X. Fernández Carrera

Fotos:
Xan X. Fernández Carrera, Ramón Caamaño e Arquivo Vidal

Revisión lingüística:
Emilio Insua González

Edita:
Asociación de Profesionais do Turismo da Costa da Morte (APTCM)

Patrocina:
Turismo de Galicia

Depósito Legal:
C 2050-2023

XUNTA DE GALICIA

galicia

APTCM

costa da morte TURISMO

ÍNDICE

INTRODUCIÓN	**008**	**INTRODUCCIÓN**
ORIXE DO NOME *COSTA DA MORTE*	**014**	**ORIGEN DEL NOMBRE *COSTA DA MORTE***
CONTEXTO XEOGRÁFICO	**022**	**CONTEXTO GEOGRÁFICO**
Comarca de Bergantiños	**024**	**Comarca de Bergantiños**
Terra de Soneira	**030**	**Terra de Soneira**
Comarca de Fisterra	**038**	**Comarca de Fisterra**
Concellos de Mazaricos e Carnota	**042**	**Ayuntamientos de Mazaricos y Carnota**
Clima	**045**	**Clima**
Vexetación e fauna	**049**	**Vegetación y fauna**
Poboación	**057**	**Población**
Recursos económicos	**062**	**Recursos económicos**
RAÍCES HISTÓRICAS	**074**	**RAÍCES HISTÓRICAS**
Arquitectura megalítica	**075**	**Arquitectura megalítica**
Cultura Castrexa	**085**	**Cultura Castreña**
Romanización	**092**	**Romanización**
Idade Media	**097**	**Edad Media**
Idade Moderna	**111**	**Edad Moderna**
Idade Contemporánea	**126**	**Edad Contemporánea**
Lendas	**142**	**Leyendas**
GASTRONOMÍA	**167**	**GASTRONOMÍA**
RUTAS PARA COÑECER A COSTA DA MORTE	**182**	**RUTAS PARA CONOCER A COSTA DA MORTE**
RUTAS EN COCHE	**185**	**RUTAS EN COCHE**
Ruta 1: Fisterra-Muxía	**185**	**Ruta 1: Fisterra-Muxía**
Vila de Fisterra	185	Villa de Fisterra
Igrexa de Santa María das Areas	195	Iglesia de Santa María das Areas
Cabo e faro de Fisterra	199	Cabo y faro de Fisterra
Monte Facho	204	Monte Facho
De Fisterra a Muxía	206	De Fisterra a Muxía

Cabo Touriñán	211	Cabo Touriñán
Vila de Muxía	217	Villa de Muxía
De Muxía a Fisterra	228	De Muxía a Fisterra
Conxunto histórico-artístico de Moraime	228	Conjunto histórico-artístico de Moraime
Caldeiras do Castro	233	Caldeiras do Castro
Vila de Corcubión	235	Villa de Corcubión
Ruta 2: Muxía-Laxe	**242**	**Ruta 2: Muxía-Laxe**
De Muxía a Camariñas	243	De Muxía a Camariñas
Vila de Camariñas	248	Villa de Camariñas
Cabo e faro Vilán	256	Cabo y faro Vilán
Do faro Vilán a Camelle	259	Del faro Vilán a Camelle
Vila mariñeira de Camelle	260	Villa marinera de Camelle
De Camelle a Laxe	265	De Camelle a Laxe
Vila de Laxe	268	Villa de Laxe
De Laxe a Muxía	281	De Laxe a Muxía
Torres do Allo	282	Torres de O Allo
Conxunto etnográfico dos batáns e muíños do Mosquetín	287	Conjunto etnográfico de los batanes y molinos de O Mosquetín
Castelo de Vimianzo	289	Castillo de Vimianzo
Ruta 3: Laxe-Malpica	**295**	**Ruta 3: Laxe-Malpica**
De Laxe a Corme	296	De Laxe a Corme
Vila mariñeira de Corme	306	Villa marinera de Corme
De Corme a Malpica	311	De Corme a Malpica
Vila de Malpica de Bergantiños	317	Villa de Malpica de Bergantiños
De Malpica a Buño	324	De Malpica a Buño
Ruta 4: Malpica-Caión	**327**	**Ruta 4: Malpica-Caión**
De Malpica a Carballo	328	De Malpica a Carballo
Vila de Carballo	334	Villa de Carballo
De Carballo a Caión	348	De Carballo a Caión
Vila de Caión	354	Villa de Caión
Ruta 5: Cee-Muros	**362**	**Ruta 5: Cee-Muros**
Vila de Cee	363	Villa de Cee
De Cee ao Pindo	370	De Cee a O Pindo
Do Pindo a Muros	378	De O Pindo a Muros
Vila de Muros	385	Villa de Muros

Ruta 6: Concello de Mazaricos	**392**	**Ruta 6: Ayuntamiento de Mazaricos**
De Colúns á Mina da Parxubeira	392	De Colúns a la Mina de A Parxubeira
RUTAS A PÉ	**397**	**RUTAS A PIE**
Paseo fluvial polo río Anllóns	399	Paseo fluvial por el río Anllóns
PR-G 142: Rutas das férvedas de Carballo	400	PR-G 142: Rutas de las cascadas de Carballo
Ruta do Refuxio de Verdes	402	Ruta de O Refuxio de Verdes
Ruta da costa leste de Malpica ou dos Pinos do Mar	403	Ruta de la costa este de Malpica o de Os Pinos do Mar
PR-G 148: Ruta Camiño da Ribeira	405	PR-G 148: Ruta Camiño da Ribeira
Ruta arqueolóxica por Borneiro	405	Ruta arqueológica por Borneiro
PR-G 250: Ruta da auga	407	PR-G 250: Ruta da Auga
Ruta Vieiro Fidalgo	408	Ruta Vieiro Fidalgo
PR-G 158: Ruta Costa da Morte	409	PR-G 158: Ruta Costa da Morte
Ruta Muxía-Os Muíños	411	Ruta Muxía-Os Muíños
Ruta San Guillerme-Faro Fisterra	413	Ruta San Guillerme-Faro Fisterra
Ruta dos penedos de Pasarela e Traba	414	Ruta de Os Penedos de Pasarela y Traba
Ruta das fervenzas de Mazaricos	418	Ruta de las cascadas de Mazaricos
Camiño dos Faros	421	Camiño dos Faros
Camiño xacobeo de Fisterra e Muxía	442	Camino jacobeo de Fisterra y Muxía
BIBLIOGRAFÍA	**458**	**BIBLIOGRAFÍA**

01 INTRODUCIÓN

INTRODUCCIÓN



A Costa da Morte constitúe a rexión costeira máis occidental de Galicia, que é o mesmo que dicir a máis occidental da península ibérica e da Europa continental, un extenso territorio que comprende unha quinta parte da provincia da Coruña, formado polas comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra (antiga Nemancos), e os concellos de Mazaricos e Carnota. A súa denominación é relativamente recente e débese aos numerosos naufraxios que se produciron neste litoral a finais do século XIX.

Un territorio definido sobre todo pola súa extensa costa, configurada por espectaculares cantís nas zonas máis expostas ao mar, ese mar "abalante, inquedo, forte e rexo", en palabras do poeta muxián López Abente, que alternan con extensos areais e pequenas rías. Un singular litoral no que a natureza impón a súa inmensa forza, dando lugar a un patrimonio de extraordinario valor

Desde a costa a influencia do mar penetra nas terras do interior a través dos vales dos ríos Anllóns, Porto, Castro ou Xallas. Á beira destas arterias fluviais é onde se mostra o bosque autóctono mellor

A Costa da Morte constituye la región costera más occidental de Galicia, que es lo mismo que decir la más occidental de la península ibérica y de la Europa continental, un extenso territorio que comprende una quinta parte de la provincia de A Coruña, formado por las comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira y Fisterra (antigua Nemancos), y los ayuntamientos de Mazaricos y Carnota. Su denominación es relativamente reciente y se debe a los numerosos naufragios que se produjeron en este litoral a finales del siglo XIX.

Un territorio definido sobre todo por su extensa costa, configurada por espectaculares acantilados en las zonas más expuestas al mar, ese mar "abalante, inquedo, forte e rexo", en palabras del poeta muxiano López Abente, que alternan con extensos arenales y pequeñas rías. Un singular litoral en el que la naturaleza impone su inmensa fuerza, dando lugar a un patrimonio de extraordinario valor

Desde la costa la influencia del mar penetra en las tierras del interior a través de los valles de los ríos Anllóns, Porto, Castro o Xallas. Al lado de estas arterias fluviales es donde se muestra el

conservado. Vales fértiles coas súas "doces veigas", como expresou o bardo Eduardo Pondal.

Estas terras máis occidentais do gran continente euroasiástico foron poboadas desde tempos inmemoriais, deixando os seus moradores numerosos vestixios desde o Neolítico ata os tempos actuais.

Os primeiros restos que conservamos corresponden á época megalítica, que se caracteriza pola construción de mámoas e dolmens, cunha función funeraria. A continuación chegará o período castrexo, no que a construción de poboados fortificados de forma circular, é a súa principal singularidade. Ao longo deste territorio existen moitos destes recintos.

A Costa da Morte tampouco foi allea á romanización. Brandomil, Moraime ou Tines son emprazamentos nos que a presenza romana se mostra con maior evidencia. Da chegada do cristianismo preservamos unha das primeiras inscricións sobre a relixión católica en Galicia: a estela de Victorinus, atopada en Tines, datada a finais do século IV. Nesta rexión non se fundaron grandes congregacións relixiosas, pero houbo pequenos mosteiros. Desta presenza

bosque autóctono mejor conservado. Valles fértiles con sus "doces veigas", como expresó el bardo Eduardo Pondal.

Estas tierras más occidentales del gran continente euroasiástico fueron pobladas desde tiempos inmemoriales, dejando sus moradores numerosos vestigios desde el Neolítico hasta los tiempos actuales.

Los primeros restos que conservamos corresponden a la época megalítica, que se caracteriza por la construcción de mámoas y dólmenes, con una función funeraria. A continuación llegará el período castreño, en el que la construcción de poblados fortificados de forma circular, es su principal singularidad. A lo largo de este territorio existen muchos de estos recintos.

A Costa da Morte tampoco fue ajena a la romanización. Brandomil, Moraime o Tines son emplazamientos en los que la presencia romana se muestra con mayor evidencia. De la llegada del cristianismo preservamos una de las primeras inscripciones de la religión católica en Galicia: la estela de Victorinus, encontrada en Tines, datada a finales del siglo IV. En esta región no se fundaron grandes congregaciones religiosas, pero hubo

relixiosa conservamos un notable patrimonio.

En paralelo a estes asentamentos relixiosos irase instalando no territorio unha nobreza laica. Primeiro a familia dos Traba, e logo outras como os Mariño de Lobeira, Moscoso de Altamira, Bermúdez de Castro, Rioboo ou Pardiñas. Da súa presenza mantemos magníficos edificios como o castelo de Vimianzo, as Torres do Allo, as Torres de Mens ou o pazo de Vilardefrancos. A rexión dispón tamén dunha abundante arquitectura popular na que os hórreos, cruceiros e muíños, son os exemplos máis visibles. Rico é tamén o patrimonio inmaterial, sobre todo as lendas, vinculadas a elementos naturais, haxiográficos ou restos históricos.

A gastronomía supoñe outro dos grandes atractivos da Costa da Morte, ao dispoñer esta rexión de costa e terras de interior, a materia prima para elaborar os menús resulta máis abundante e variada. Do mar extráense peixes e mariscos de óptima calidade e da terra excelentes hortalizas, verduras e carnes, produtos, que, elaborados nunha cociña que mantén os sabores orixinais, dan apetecibles pratos.

pequeños monasterios. De esta presencia religiosa conservamos un notable patrimonio.

En paralelo a estos asentamientos religiosos se irá instalando en el territorio una nobleza laica. Primero la familia de los Traba, y luego otras como los Mariño de Lobeira, Moscoso de Altamira, Bermúdez de Castro, Rioboo o Pardiñas. De su presencia mantenemos magníficos edificios como el castillo de Vimianzo, las torres de O Allo, las torres de Mens o el pazo de Vilardefrancos. La región dispone también de una abundante arquitectura popular en la que los hórreos, cruceros y molinos, son los ejemplos más visibles. Rico es también el patrimonio inmaterial, sobre todo las leyendas, vinculadas a elementos naturales, hagiográficos o restos históricos.

La gastronomía supone otro de los grandes atractivos de A Costa da Morte, al disponer esta región de costa y tierras de interior, la materia prima para elaborar los menús resulta más abundante y variada. Del mar se extraen pescados y mariscos de óptima calidad y de la tierra excelentes hortalizas, verduras y carnes, productos, que, elaborados en una cocina que mantiene los sabores originales, dan apetecibles platos.

O que pretende esta Guía da Costa da Morte é descubrir e poñer en valor toda esta riqueza patrimonial facilitando o coñecemento daqueles lugares máis emblemáticos do territorio, para que o potencial visitante se achegue a eles a través dunha proposta de rutas.

O contido da publicación divídese en dous grandes apartados: un primeiro que fai referencia ao contexto desta rexión litoral, no que se recolle información sobre a orixe do topónimo "Costa da Morte", aspectos xeográficos alusivos á paisaxe, clima, vexetación, fauna, poboación e recursos económicos; e tamén sobre historia, lendas e gastronomía.

E un segundo capítulo, o máis extenso, de rutas por toda esta ampla zona costeira tanto para realizar en vehículo como a pé. No primeiro caso propóñense seis rutas que percorren os 17 concellos da Costa da Morte, a través das que se visitarán todos aqueles lugares de maior interese natural, paisaxístico, histórico ou cultural. A meirande parte delas teñen un trazado circular co cal o viaxeiro poderá incorporarse en calquera punto do percorrido. Cada unha está pensada para realizar durante unha

Lo que pretende esta Guía de A Costa da Morte es descubrir y poner en valor toda esta riqueza patrimonial facilitando el conocimiento de aquellos lugares más emblemáticos del territorio, para que el potencial visitante se acerque a ellos a través de una propuesta de rutas.

El contenido de la publicación se divide en dos grandes apartados: un primero que hace referencia al contexto de esta región litoral, en el que se recoge información sobre el origen del topónimo "Costa da Morte", aspectos geográficos alusivos al paisaje, clima, vegetación, fauna, población y recursos económicos; y también sobre historia, leyendas y gastronomía.

Y un segundo capítulo, el más extenso, de rutas por toda esta amplia zona costera tanto para realizar en vehículo como a pie. En el primer caso se proponen seis rutas que recorren los 17 ayuntamientos de A Costa da Morte, a través de las que se visitarán todos aquellos lugares de mayor interés natural, paisajístico, histórico o cultural. La mayor parte de ellas tienen un trazado circular con lo cual el viajero podrá incorporarse en cualquier punto del recorrido. Cada una está pensada para realizar durante una jornada

xornada e o propio turista ten a posibilidade de elixir as paradas que mellor se adapten aos seus intereses.

Dentro das rutas a pé, hainas de curto e longo percorrido, unhas e outras conducen ao camiñante a manter un contacto máis próximo e intenso co territorio, concretamente con aqueles espazos nos que a natureza e a historia acadan unha maior potencialidade. Propóñense 13 rutas de curto percorrido para dedicarlle unha xornada a cada unha delas e dúas de longa distancia: o Camiño dos Faros e o camiño xacobeo de Fisterra e Muxía, para facer en varios días.

En resumo, a Guía trata de ofertar unha información e un contacto co territorio da Costa da Morte desde distintas miradas e intereses, para que o viaxeiro, primeiro adquira un coñecemento do espazo xeográfico e histórico que vai visitar, e logo, ofrécenselle un abano de propostas de visitas para que elixa aquelas que mellor se adapten a súa disposición de tempo ou expectativas persoais. Unha información sinxela e útil para que calquera visitante que escolla este destino turístico se lle facilite confeccionar un programa de viaxe ao seu gusto.

y el propio turista tiene la posibilidad de elegir las paradas que mejor se adapten a sus intereses.

Dentro de las rutas a pie, las hay de corto y largo recorrido, unas y outras conducen al caminante a mantener un contacto más próximo e intenso con el territorio, concretamente con aquellos espacios en los que la naturaleza y la historia alcanzan una mayor potencialidad. Se proponen 13 rutas de corto recorrido para dedicarle una jornada a cada una de ellas y dos de larga distancia: O Camiño dos Faros y el camino jacobeo de Fisterra y Muxía, para hacer en varios días.

En resumen, la Guía trata de ofertar una información y un contacto con el territorio de A Costa da Morte desde distintas miradas e intereses, para que el viajero, primero adquiera un conocimiento del espacio geográfico e histórico que va a visitar, y luego, se le ofrecen un abanico de propuestas de visitas para que elija aquellas que mejor se adapten a su disposición de tiempo o expectativas personales. Una información sencilla y útil para que cualquier visitante que escoja este destino turístico se le facilite confeccionar un programa de viaje a su gusto.

02 ORIXE DO NOME *COSTA DA MORTE*

ORIGEN DEL NOMBRE *COSTA DA MORTE*



O topónimo que actualmente define a zona costeira máis occidental de Galicia naceu a finais do século XIX cando neste perigoso litoral se produciron as maiores catástrofes mariñas nas proximidades do cabo Vilán.

El topónimo que actualmente define la zona costera más occidental de Galicia nació a finales del siglo XIX cuando en este peligroso litoral se produjeron las mayores catástrofes marinas en las cercanías del cabo Vilán.

A primeira delas foi a do cargueiro inglés ***Iris Hull***, en 1883, no denominado baixo de Antón, próximo á punta do Boi. Dos 38 tripulantes que ían a bordo, tan só se salvou un deles.



Mascarón de proa do Serpent

La primera de ellas fue la del carguero inglés ***Iris Hull,*** en 1883, en el denominado bajo de Antón, próximo a la punta de O Boi. De los 38 tripulantes que iban a bordo, tan sólo se salvó uno de ellos.

Sete anos despois, o 10 de novembro de 1890, o cruceiro británico ***H.M.S. Serpent***, procedente Plymouth, que se dirixía a Serra Leoa bateu contra a punta do Boi, ocasionando a maior das catástrofes mariñas desta zona costeira, xa que dos 176 tripulantes que levaba, tan só lograron salvarse 3 deles. Este naufraxio produciu un enorme impacto en Inglaterra tanto polo número de vítimas como polo tipo de persoas que formaban a tripulación

Siete años después, el 10 de noviembre de 1890, el crucero británico ***H.M.S. Serpent,*** procedente Plymouth, que se dirigía a Sierra Leona batió contra la punta de O Boi, ocasionando la mayor de las catástrofes marinas de esta zona costera, ya que de los 176 tripulantes que llevaba, tan sólo lograron salvarse 3 de ellos. Este naufragio produjo un enorme impacto en Inglaterra tanto por el número de víctimas como por el tipo de personas que formaban

deste buque da armada británica.

O goberno inglés verteu duras críticas contra o español daquel momento pola deficiente sinalización deste perigoso tramo litoral, pois daquela tan só estaba en funcionamento o faro Vilán antigo, de cuarta orde, con escasa potencia luminosa, que deixaba unha zona escura de 21º producida polo cume do Vilán de Terra, na que incluía a temida punta do Boi.

Tres anos despois deste tráxico suceso, preto deste lugar, no baixo de Lucín, ao oeste do anterior saínte, embarrancou o cargueiro británico ***Trinacria***, o 7 de febreiro de 1893, deixando un total de 30 vítimas, dos 37 tripulantes que levaba.

Estas tres traxedias ocorridas case no mesmo lugar, nun período de tempo de tan só dez anos e con máis de 200 mortos dun mesmo país, causou unha grande conmoción a nivel social e político na sociedade inglesa, pero tamén en Galicia e no resto de España.

Sería a partir desta fatídica década de finais do século XIX cando se comezaría a bautizar este tramo costeiro coa lúgubre denominación de Costa da

la tripulación de este buque de la armada británica.

El gobierno inglés vertió duras críticas contra el español de aquel momento por la deficiente señalización de este peligroso tramo litoral, pues en aquella época tan sólo estaba en funcionamiento el faro Vilán antiguo, de cuarta orden, con escasa potencia luminosa, que dejaba una zona oscura de 21º producida por la cumbre del Vilán de Terra, en la que incluía la temida punta de O Boi.

Tres años después de este trágico suceso, cerca de este lugar, en el bajo de Lucín, al oeste del anterior saliente, embarrancó el carguero británico ***Trinacria***, el 7 de febrero de 1893, dejando un total de 30 víctimas, de los 37 tripulantes que llevaba.

Estas tres tragedias ocurridas casi en el mismo lugar, en un período de tiempo de tan sólo diez años y con más de 200 muertos de un mismo país, causó una gran conmoción a nivel social y político en la sociedad inglesa, pero también en Galicia y en el resto de España.

Sería a partir de esta fatídica década de finales del siglo XIX cuando se comenzaría a bautizar este tramo costero con la lúgubre denominación de Costa da

Morte. Descoñecemos se o novo topónimo foi creado en territorio británico ou galego.

Ata o momento, a data máis temperá da que dispoñemos por escrito é a do 14 de xaneiro de 1904, que aparece publicado no xornal coruñés *El Noroeste*, nun apartado baixo o epígrafe de "Siniestros Marítimos" e que leva por titular "Tres buques náufragos" e debaixo, como subtítulo "La Costa de la Muerte", a nova referíase aos naufraxios do carboeiro inglés ***Kenmore,*** afundido fronte á praia de Traba de Laxe; á draga holandesa ***Rosario***, que naufragou na enseada de Santa Mariña e á goleta española ***Francisco Rosa***, embarrancada á entrada do porto de Corcubión.

Ao mes seguinte de publicarse esta noticia no periódico herculino produciuse o naufraxio do vapor, tamén británico, ***Yeoman***, na sinistra Pedra do Porto, á entrada da enseada de Camelle. Levaba unha tripulación de 86 persoas, das que 4 perderon a vida.

Os xornais que recollen esta noticia xa citan o topónimo "Costa de la Muerte", o que supón un uso xeneralizado do mesmo, referido sobre todo á parte do litoral

Morte. Desconocemos si el nuevo topónimo fue creado en territorio británico o gallego.

Hasta el momento, la fecha más temprana de la que disponemos por escrito es la del 14 de enero de 1904, que aparece publicada en el periódico coruñés *El Noroeste*, en un apartado bajo el epígrafe de "Siniestros Marítimos" y que lleva por titular "Tres buques náufragos" y debajo, como subtítulo "La Costa de la Muerte", la noticia se refería a los naufragios del carbonero inglés ***Kenmore***, hundido frente a la playa de Traba de Laxe; a la draga holandesa ***Rosario***, que naufragó en la ensenada de Santa Mariña y a la goleta española ***Francisco Rosa***, embarrancada a la entrada del puerto de Corcubión.

Al mes siguiente de publicarse esta noticia en el periódico herculino se produjo el naufragio del vapor, también británico, ***Yeoman***, en la siniestra Pedra do Porto, a la entrada de la ensenada de Camelle. Llevaba una tripulación de 86 personas, de las que 4 perdieron la vida.

Los periódicos que recogen esta noticia ya citan el topónimo "Costa de la Muerte", lo que supone un uso generalizado del mismo, referido sobre

comprendida entre Camelle e cabo Vilán. Entre os diarios que citan este nome algúns son madrileños como *El Heraldo de Madrid* ou *El Imparcial*. Neste mesmo ano tamén xa se recolle o nome "Costa Brava o de la Muerte", no proxecto de reforma do Plan Xeral de Balizamento da costa do noroeste de España.

En febreiro deste mesmo 1904 a escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán nun dos seus artigos publicados na revista barcelonesa *La Ilustración Artística* tamén fai alusión a este nome.

"Existe en mi tierra una costa brava que recibe, en el lenguaje popular, el nombre de Costa de la Muerte".

O bardo Eduardo Pondal é o primeiro que escribe esta denominación en galego. Faino nun dos seus poemas, do que non temos a súa datación exacta, pero posiblemente se corresponda con estes primeiros anos do século XX. Pondal outórgalle unha intensa carga negativa a este topónimo, influído seguramente polo ambiente tráxico producido polas continuas catástrofes mariñas do momento, sobre todo de barcos británicos, que eran, con diferencia, os que máis circulaban por esta nosa costa.

todo a la parte del litoral comprendida entre Camelle y cabo Vilán. Entre los diarios que citan este nombre algunos son madrileños como *El Heraldo de Madrid* o *El Imparcial*. En este mismo año también ya se recoge el nombre "costa brava o de la muerte", en el proyecto de reforma del Plan General de Balizamiento de la costa del noroeste de España.

En febrero de este mismo 1904 la escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán en uno de sus artículos publicados en la revista barcelonesa *La Ilustración Artística* también hace alusión a este nombre.

"Existe en mi tierra una costa brava que recibe, en el lenguaje popular, el nombre de Costa de la Muerte".

El bardo Eduardo Pondal es el primero que escribe esta denominación en gallego. Lo hizo en uno de sus poemas, del que no tenemos su datación exacta, pero posiblemente se corresponda con estos primeros años del siglo XX. Pondal le otorga una intensa carga negativa a este topónimo, influido seguramente por el ambiente trágico producido por las continuas catástrofes marinas del momento, sobre todo de barcos británicos, que eran, con diferencia, los que más circulaban por esta costa.

O fero Britano
cruzando do norte,
de medo tembrando,
escrama de longe:
"¡A costa do pranto,
a costa da morte!".

Eduardo Pondal

Pouco despois aparece recollido na lingua inglesa este novo termo. A primeira cita da que temos constancia é a da viaxeira e escritora Annette Meakin, quen anotou no seu diario o nome de *Coast of Death* (Costa da Morte), que parece ser que lle escoitara aos mariñeiros herculinos e que deixou impreso varias veces no seu libro *Galicia, the Switzerland of Spain*, en 1909. Meakin infórmanos de que esta denominación era xa coñecida entre a xente do mar de Inglaterra debido aos numerosos naufraxios de barcos deste país nesta parte do litoral galego.

Outro viaxeiro e escritor que utiliza o nome da Costa da Morte na súa obra e que contribuíu a espallalo na fala inglesa foi Aubrey Fitz Gerald Bell (1881-1950), xornalista, escritor e tradutor. Na súa etapa de correspondente do xornal británico *Mornig Post* en Portugal, viaxou por Galicia e o resto de España, incluída a Costa da Morte, que, segundo el, este litoral estendíase desde Vigo ata Malpica.

O fero Britano
cruzando do norte,
de medo tembrando,
escrama de longe:
"¡A costa do pranto,
a costa da morte!".

Eduardo Pondal

Poco después aparece recogido en lengua inglesa este nuevo término. La primera cita de la que tenemos constancia es de la viajera y escritora Annette Meakin, quien anotó en su diario el nombre de Coast of Death (Costa da Morte), que parece ser que le había escuchado a los marineros herculinos y que dejó impreso varias veces en su libro *Galicia, the Switzerland of Spain*, en 1909. Meakin nos informa de que esta denominación era ya conocida entre la gente del mar de Inglaterra debido a los numerosos naufragios de barcos de este país en esta parte del litoral gallego.

Otro viajero y escritor que utiliza el nombre de A Costa da Morte en su obra y que contribuyó a estenderlo en el habla inglesa fue Aubrey Fitz Gerald Bell (1881-1950), periodista, escritor y traductor. En su etapa de corresponsal del periódico británico *Mornig Post* en Portugal, viajó por Galicia y el resto de España, incluida A Costa da Morte, que, segundo él, este litoral se extendía desde Vigo hasta Malpica.

"Na calma acolledora da estrada de Fisterra esquécese todo o referente á Costa da Morte, que é o nome que se lle dá á costa galega desde Vigo ata Malpica e as illas Sisargas". (Aubrey F. G. Bell, 1922).

"En la calma acogedora de la carretera de Fisterra se olvida todo el referente a la Costa da Morte, que es el nombre que se le da a la costa gallega desde Vigo hasta Malpica y las islas Sisargas". (Aubrey F. G. Bell, 1922).



Portada da novela Costa de la Muerte de José Más (1928)

Tamén axudou a dar a coñecer a denominación Costa da Morte o escritor andaluz José Mas, autor da novela que precisamente levaba por título *La Costa de la Muerte,* en 1928, cuxa acción se desenvolve sobre todo no porto de Malpica, con incursións a outros lugares deste litoral, como Corme, Laxe, Camariñas, Muxía ou Fisterra.

También ayudó a dar a conocer la denominación Costa da Morte el escritor andaluz José Mas, autor de la novela que precisamente llevaba por título *La Costa de la Muerte,* en 1928, cuya acción se desarrolla sobre todo en el puerto de Malpica, con incursiones a otros lugares de este litoral, como Corme, Laxe, Camariñas, Muxía o Fisterra.

Ao contrario doutros escritores, Mas, valéndose dun dos seus personaxes, Adrián, trata de desmentir as distintas lendas negativas que se crearon sobre a Costa da Morte, como que os seus habitantes provocaban os naufraxios ou que eran insolidarios ante as catástrofes mariñas, atribuíndo estes accidentes a fenómenos atmosféricos

Al contrario de otros escritores, Mas, valiéndose de uno de sus personajes, Adrián, trata de desmentir las distintas leyendas negativas que se crearon sobre A Costa da Morte, como que sus habitantes provocaban los naufragios o que eran insolidarios ante las catástrofes marinas, atribuyendo estos accidentes a fenómenos atmosféricos naturales,

naturais, como os frecuentes temporais do inverno ou aos fortes ventos que afectan a este litoral, e tamén á deficiencia de sistemas de sinalización, como os faros, ou aos fallos humanos.

Como contraposición a esa visión tétrica que transmitía este topónimo, el propoñía a denominación de Costa da Vida, termo positivo ao que se sumaron moitos outros autores, como Eugenio Carré Aldao, Francisco Ramón y Ballesteros ou José Baña Heim.

Non obstante, a denominación que vai triunfar será de Costa da Morte, sobre todo cando a partir do último terzo do século XX comezan a editarse publicacións nas que aparece ese termo e a zona se converte nun gran reclamo turístico debido aos seus atractivos recursos naturais, históricos, culturais ou gastronómicos.

A carga negativa que nun principio contiña este nome transformouse nun atractivo máis, aportándolle un carácter misterioso, lendario e singular, que, unido aos demais potenciais, converterá esta Fisterra europea nun dos lugares máis visitados de Galicia.

como los frecuentes temporales del invierno o a los fuertes vientos que afectan a este litoral, y también a la deficiencia de sistemas de señalización, como los faros, o a los fallos humanos.

Como contraposición a esa visión tétrica que transmitía este topónimo, él proponía la denominación de Costa de la Vida, término positivo a lo que se sumaron muchos otros autores, como Eugenio Carré Aldao, Francisco Ramón y Ballesteros o José Baña Heim.

No obstante, la denominación que va a triunfar será de Costa da Morte, sobre todo cuando a partir del último tercio del siglo XX comienzan a editarse publicaciones en las que aparece ese término y la zona se convierte en un gran reclamo turístico debido a sus atractivos recursos naturales, históricos, culturales o gastronómicos.

La carga negativa que en un principio contenía este nombre se transformó en un atractivo más, aportándole un carácter misterioso, legendario y singular, que, unido a los demás potenciales, convertirá esta Fisterra europea en uno de los lugares más visitados de Galicia.

03 CONTEXTO XEOGRÁFICO

CONTEXTO GEOGRÁFICO



A Costa da Morte comprende a rexión costeira máis occidental da península ibérica, e polo tanto da Europa continental, dentro dela inclúense as comarcas históricas de **Bergantiños**, **Terra de Soneira** e **Fisterra** (a antiga Nemancos). Os nomes que definían estas bisbarras antigas quedaron en boa parte eclipsados pola inmensa forza que acadou nos últimos tempos este novo topónimo.

Os límites máis orientais desta extensa rexión litoral esténdense polas terras altas que constitúen as mesetas de Ordes, na parte norte e a do Xallas, ao sur. Superficies de aplanamento terciario situadas na marxe dereita do río Tambre. Estas terras máis elevadas van descendendo en forma de escaleira en varios chanzos cara ao mar.

As zonas máis elevadas na parte nordeste correspóndense cos rebordes da Terra de Ordes, e representan a liña divisoria entre as cuncas do Tambre e a do río Anllóns. Ao mesmo tempo separan esta comarca, que forma parte da extensa chaira que se estende polo centro de Galicia, da de Bergantiños, situada máis cara ao oeste.

A Costa da Morte comprende la región costera más occidental de la península ibérica, y por lo tanto de la Europa continental, dentro de ella se incluyen las comarcas históricas de **Bergantiños**, **Terra de Soneira** y **Fisterra** (la antigua Nemancos). Los nombres que definían estas comarcas antiguas quedaron en buena parte eclipsados por la inmensa fuerza que alcanzó en los últimos tiempos este nuevo topónimo.

Los límites más orientales de esta extensa región litoral se extienden por las tierras altas que constituyen las mesetas de Ordes, en la parte norte y la de Xallas, al sur. Superficies de aplanamiento terciario situadas en la margen derecha del río Tambre. Estas tierras más elevadas van descendiendo en forma de escalera en varios escalones hacia el mar.

Las zonas más elevadas en la parte nordeste se corresponden con los rebordes de A Terra de Ordes, y representan la línea divisoria entre las cuencas del Tambre y del río Anllóns. Al mismo tiempo separan esta comarca, que forma parte de la extensa planicie que se extiende por el centro de Galicia, de la de Bergantiños, situada más hacia el oeste.

> Comarca de Bergantiños

Esta bisbarra é a máis extensa das tres que comprende A Costa da Morte e está constituída polos concellos da **Laracha, Carballo, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Cabana de Bergantiños** e **Laxe**.

Morfoloxicamente está formada por tres chanzos. Un primeiro que comprende as terras altas pertencentes aos concellos da Laracha, Carballo e Coristanco, que formarían ese primeiro chanzo, que os propios habitantes bergantiñáns denominan A Alta, situado entre os 300 e 400 m de altitude. Algúns dos seus cumes chegan a superar os 500 m, como o Coto de Predouzo (518 m), A Pedra Cerdeira (564 m) ou o monte Castelo (564 m).

O segundo banzo corresponderíase coa cunca do **río Anllóns**, arteria que atravesa a comarca de leste ao oeste e que ten o seu nacemento na ladeira meridional do Coto de Pedrouzo. Despois de bordear este monte, descende con pronunciada pendente cara a chaira bergantiñá, que percorre con augas calmas. Logo de pasar pola vila de Carballo, recibe pola esquerda o seu afluente principal, o río Rosende, que se nutre das

> Comarca de Bergantiños

Esta comarca es la más extensa de las tres que comprende A Costa da Morte y está constituida por los ayuntamientos de **A Laracha**, **Carballo**, **Coristanco**, **Malpica de Bergantiños**, **Cabana de Bergantiños** y **Laxe**.

Morfológicamente está formada por tres escalones. Un primero que comprende las tierras altas pertenecientes a los ayuntamientos de A Laracha, Carballo y Coristanco, que formarían ese primer escalón, que los propios habitantes bergantiñanos denominan A Alta, situado entre los 300 y 400 m de altitud. Algunas de sus cumbres llegan a superar los 500 m, como el Coto de Predouzo (518 m), A Pedra Cerdeira (564 m) o el monte Castelo (564 m).

El segundo escalón se correspondería con la cuenca del **río Anllóns**, arteria que atraviesa la comarca de este a oeste y que tiene su nacimiento en la ladera meridional del Coto de Pedrouzo. Después de bordear este monte, desciende con pronunciada pendiente hacia la llanura bergantiñana, que recorre con aguas calmas. Después de pasar por la villa de Carballo, recibe por la izquierda su afluente principal, el río Rosende,



Desembocadura do río Anllóns

augas que descenden das terras altas dos rebordes da meseta de Ordes.

Ao chegar a Verdes, e debido aos movementos tectónicos que lle afectaron a esta zona, o río experimenta un rexuvenecemento, formando rápidos e fervenzas que lle permiten adaptarse ao seu novo nivel de base. Ao atoparse con rochas máis duras, como os gneis que atravesan o seu leito, máis resistentes á erosión, a súa canle distribúese en varios brazos, dando lugar ao fermoso **espazo natural do Refuxio de Verdes**.

Pasada a parroquia de Corcoesto, o río volve a discorrer con augas mainas ata a súa desembocadura na vila de Ponteceso. Previamente forma un gran

que se nutre de las aguas que descienden de las tierras altas de los rebordes de la meseta de Ordes.

Al llegar a Verdes, y debido a los movimientos tectónicos que le afectaron a esta zona, el río experimenta un rejuvenecimiento, formando rápidos y cascadas que le permiten adaptarse a su nuevo nivel de base. Al encontrarse con rocas más duras, como los gneis que atraviesan su lecho, más resistentes a la erosión, su cauce se distribuye en varios brazos, dando lugar al hermoso **espacio natural de O Refuxio de Verdes**.

Pasada la parroquia de Corcoesto, el río vuelve a discurrir con aguas lentas hasta su desembocadura en la villa de Ponteceso.

meandro na parroquia de Anllóns, que deu nome ao río. Despois de cruzada a ponte de Ponteceso, ao pé da casa do poeta Eduardo Pondal, entra na **enseada da Insua**, un amplo esteiro, que constitúe un espazo de gran interese natural, que se prolonga ata A Barra, onde as súas augas se unen coas do océano Atlántico, na ría de Corme e Laxe, despois de percorrer máis de 70 km.

O bardo pontecesán fai alusión a este último percorrido do río nun dos seus poemas:

Eu nacín en agreste soedade,
eu nacín cabo dun agreste outeiro,
pr'onde o Anllóns,
con nobre magestade,
camiña ó seu destino derradeiro.

O centro da comarca de Bergantiños está ocupado polas terras baixas do val do Anllóns e dos seus afluentes, de cor avermellada, "roxas ó arar", en boca de Pondal, que se formaron sobre rochas básicas, dando lugar a terras fértiles, ás que se lle atribuíu a denominación de "graneiro de Galicia", pola abundante produción cerealeira de tempos atrás, actualmente produtoras de excelentes patacas, fabas, hortalizas e plantas forraxeiras.

Previamente forma un gran meandro en la parroquia de Anllóns, que dio nombre al río. Después de cruzar el puente de Ponteceso, al pie de la casa del poeta Eduardo Pondal, entra en la **ensenada da Insua**, un amplio estuario, que constituye un espacio de gran interés natural, que se prolonga hasta A Barra, donde sus aguas se unen con las del océano Atlántico, en la ría de Corme y Laxe, después de recorrer más de 70 km.

El bardo pontecesán hace alusión a este último recorrido del río en uno de sus poemas:

Eu nacín en agreste soedade,
eu nacín cabo dun agreste outeiro,
pr'onde o Anllóns,
con nobre magestade,
camiña ó seu destino derradeiro.

El centro de la comarca de Bergantiños está ocupado por las tierras bajas del valle del Anllóns y de sus afluentes, de color rojizo, "roxas ó arar", en boca de Pondal, que se formaron sobre rocas básicas, dando lugar a tierras fértiles, a las que se le atribuyó la denominación de "granero de Galicia", por la abundante producción cerealista de tiempos atrás, actualmente productoras de excelentes patatas, alubias, hortalizas y plantas forrajeras.

O terceiro e último chanzo correspóndese coas terras que descenden ata o mar, formando un amplo litoral, labrado na súa maior parte sobre rochas graníticas, no que os tramos altos e rochosos alternan con outros areentos, abertos ao océano.

Entre a costa e o val do Anllóns prolóngase unha pequena cadea montañosa, que cando se aproxima ao litoral dá lugar a unha costa alta con pronunciados cantís, nos que o mar rompe con ímpeto. De todas estas lombas destaca o **monte Neme** (386 m), que constitúe unha auténtica atalaia sobre esta parte costeira, pero tamén sobre as terras centrais da comarca bergantiñá. Esta situación estratéxica, xunto coa súa riqueza mineira e pasado histórico, converteu esta elevación nun lugar mítico, cheo de historia e lendas.

Comeza a costa bergantiñá na **península de Caión**, sobre a que se sitúa este pequeno porto pesqueiro coa fermosa praia das Salseiras, ao seu carón. Logo continúa un tramo acantilado ata chegar ao extenso **areal de Razo e Baldaio**, onde se formou unha lagoa costeira. Todo o conxunto constitúe un espazo natural de sumo interese.

El tercero y último escalón se corresponde con las tierras que descienden hasta el mar, formando un amplio litoral, labrado en su mayor parte sobre rocas graníticas, en el que los tramos altos y rocosos alternan con otros arenosos, abiertos al océano.

Entre la costa y el valle del Anllóns se prolonga una pequeña cadena montañosa, que cuando se aproxima al litoral da lugar a una costa alta con pronunciados acantilados, en los que el mar rompe con ímpetu. De todas estas lomas destaca el **monte Neme** (386 m), que constituye una auténtica atalaya sobre esta parte costera, pero también sobre las tierras centrales de la comarca bergantiñana. Esta situación estratégica, junto con su riqueza minera y pasado histórico, convirtió esta elevación en un lugar mítico, lleno de historia y leyendas.

Comienza la costa bergantiñana en la **península de Caión**, sobre la que se sitúa este pequeño puerto pesquero con la hermosa playa de As Salseiras, a su lado. Luego continúa un tramo acantilado hasta llegar al extenso **arenal de Razo y Baldaio**, donde se formó una laguna costera. Todo el conjunto constituye un espacio natural de sumo interés.



O espazo natural de Razo e Baldaio desde monte Neme

O tramo que se prolonga desde a punta de Razo ata a península de Malpica desenvólvese todo el sobre zonas acantiladas, con poucos saíntes e algúns illotes. Os areais son escasos, e entre eles destacan as praias das Torradas e a dos Riás.

A pequena **península de Malpica**, sobre a que se sitúa a vila mariñeira, culmina no alto da Atalaia, co porto pesqueiro na parte oriental e a praia Maior, na occidental. O reducido espazo no que se asentou este núcleo urbano obrigou a que as súas casas se amoreasen arredor da reducida baía do porto, algunhas delas mesmo colgadas dos cantís, o que lle aporta un gran encanto e personalidade a esta vila mariñeira.

Continúa o litoral polo **cabo de Santo Adrián**,

El tramo que se prolonga desde la punta de Razo hasta la península de Malpica se desarrolla todo el sobre zonas acantiladas, con pocos salientes y algunos islotes. Los arenales son escasos, y entre ellos destacan las playas de As Torradas y la de Os Riás.

La pequeña **península de Malpica**, sobre la que se sitúa la villa marinera, culmina en el alto de A Atalaia, con el puerto pesquero en la parte oriental y la playa Maior, en la occidental. El reducido espacio en el que se asentó este núcleo urbano obligó a que sus casas se amontonaran alrededor de la reducida bahía del puerto, algunas de ellas mismo colgadas de los acantilados, lo que le aporta un gran encanto y personalidad a esta villa marinera.

Continúa el litoral por el **cabo de Santo Adrián**, una

unha península rochosa na que se sitúa a capela dedicada a este santo, onde se celebra unha soada romaría no mes de xuño. Fronte a este saínte vemos as **illas Sisargas**, o único arquipélago destacado de todo o litoral da Costa da Morte.

A partir desta punta a costa faise máis recortada con zonas de escarpados cantís que bordean as penínsulas da Nariga e do Roncudo, entre as que se abren estreitas enseadas con fondos areentos, como a Seiruga, Barizo, Niñóns ou a Barda.

Entre as puntas do Roncudo, ao norte, e a da Insua, ao sur, ábrese a boca da **ría de Corme e Laxe**, máis protexida do vento e da bravura do mar que o litoral aberto, na que se sitúan os núcleos de poboación de maior entidade da contorna. Na banda norte, o porto de Corme, e na sur, o de Laxe. Máis cara ao interior, nas terras máis baixas, os núcleos das parroquias de Cospindo, Cesullas e Canduas, de todos eles, sobresae a vila de Ponteceso, na desembocadura do Anllóns.

A partir da península da Insua, e xa como último tramo da costa bergantiñá, fórmanse dous amplos

península rocosa en la que se sitúa la capilla dedicada a este santo, donde se celebra una conocida romería en el mes de junio. Frente a este saliente vemos las **islas Sisargas**, el único archipiélago destacado de todo el litoral de A Costa da Morte.

A partir de esta punta la costa se hace más recortada con zonas de escarpados acantilados que bordean las penínsulas de A Nariga y de O Roncudo, entre las que se abren estrechas ensenadas con fondos arenosos, como A Seiruga, Barizo, Niñóns o A Barda.

Entre las puntas de O Roncudo, al norte, y la de A Insua, al sur, se abre la boca de la **ría de Corme y Laxe**, más protegida del viento y de la bravura del mar que el litoral abierto, en la que se sitúan los núcleos de población de mayor entidad del entorno. En la banda norte, el puerto de Corme, y en la sur, el de Laxe. Más hacia el interior, en las tierras más bajas, los núcleos de las parroquias de Cospindo, Cesullas y Canduas, de todos ellos, sobresale la villa de Ponteceso, en la desembocadura de O Anllóns.

A partir de la península de A Insua, y ya como último tramo de la costa bergantiñana, se forman



Cabo de Santo Adrián e illas Sisargas desde a praia da Seiruga

areais abertos ao océano, de mar bravo e continua ondada, a **praia de Soesto**, entre a punta Carreiroa e a Catasol, coñecida por ser un lugar idóneo para a práctica do surf e a **praia de Traba**, un areal salvaxe, bordeado dun cordón de dunas que contribuíron á formación da pequena lagoa litoral situada no fondo da valgada que a rodea.

> Terra de Soneira

Na parte central da Costa da Morte sitúase a **Terra de Soneira**, comarca que se estende de oriente a occidente desde o pico de Meda ata o cabo Vilán e comprende os concellos de **Zas, Vimianzo** e **Camariñas**, os dous primeiros situados en terras de interior e o de Camariñas, no litoral.

dos amplios arenales abiertos al océano, de mar bravo y continuo oleaje, la **playa de Soesto**, entre la punta Carreiroa y la Catasol, conocida por ser un lugar idóneo para la práctica del surf y la **playa de Traba**, un arenal salvaje, bordeado de un cordón de dunas que contribuyeron a la formación de la pequeña laguna litoral situada en el fondo del valle que la rodea.

> Terra de Soneira

En la parte central de A Costa da Morte se sitúa a **Terra de Soneira**, comarca que se extiende de oriente a occidente desde el pico de Meda hasta el cabo Vilán y comprende los ayuntamientos de **Zas**, **Vimianzo** y **Camariñas**, los dos primeros situados en tierras de interior y el de Camariñas, en el litoral.



Pico de Meda desde a parroquia de Carreira (Zas)

Esta bisbarra constitúe tamén unha superficie de aplanamento, nun nivel inferior con respecto á meseta do Xallas. O seu territorio podémolo dividir en tres unidades territoriais: o val do río do Porto, as terras situadas máis ao sur que verten augas cara ao río Xallas e Castro, e a zona costeira.

O **val do río do Porto**, ocupa a parte máis extensa e ten como punto máis elevado o **Pico de Meda** (567 m), co seu perfil cónico, en forma de meda, de aí a súa denominación. Constitúe un extraordinario miradoiro sobre as terras que o circundan, incluso se chega a ver o mar.

Na parte oriental deste monte, nace o río do Porto, a principal arteria

Esta comarca constituye también una superficie de aplanamiento, en un nivel inferior con respeto a la meseta de O Xallas. Su territorio lo podemos dividir en tres unidades territoriales: el valle del río de O Porto, las tierras ubicadas más al sur que vierten aguas hacia el río Xallas y Castro, y la zona costera.

El **valle del río de O Porto**, ocupa la parte más extensa y tiene como punto más elevado el **Pico de Meda** (567 m), con su perfil cónico, en forma de meda, de ahí su denominación. Constituye un extraordinario mirador sobre las tierras que le circundan, incluso se llega a ver el mar.

En la parte oriental de este monte, nace el río de O



Fervenzas do Rabiñoso, no curso alto do río do Porto

da comarca soneirá, que percorre de leste a oeste. O seu curso nesta parte alta, salva o chanzo entre a meseta xalleira e a chaira soneirá a través dunha pronunciada pendente, formando as **fervenzas do Rabiñoso**, dando lugar a unha atractiva paisaxe natural e etnográfica, na que as augas que baixan en fervenza aproveitábanse para mover os rodicios de varios muíños.

No seu curso medio as augas discorren vagarosas polas terras chairas deste val. A rede fluvial que forman os afluentes do río principal resulta moi asimétrica, xa que case todos eles proceden da banda esquerda e levan unha dirección sur-norte, debido a que nacen nas terras altas que limitan coa

Porto, la principal arteria de la comarca soneirá, que recorre de este a oeste. Su curso en esta parte alta, salva el escalón entre la meseta xalleira y la llanura soneirá a través de una pronunciada pendiente, formando las **cascadas de O Rabiñoso**, dando lugar a un atractivo paisaje natural y etnográfico, en el que las aguas que bajan en cascada se aprovechaban para mover las ruedas de varios molinos.

En su curso medio las aguas discurren vagarosas por las tierras llanas de este valle. La red fluvial que forman los afluentes del río principal resulta muy asimétrica, ya que casi todos ellos proceden de la banda izquierda y llevan una dirección sur-norte, puesto que nacen en las tierras altas que limitan con

comarca do Xallas. O río de Zas e o de Vilar son os tributarios que lle achegan un maior caudal.

Nesta parte intermedia do río, destacan pola súa atractiva paisaxe a **Área de Pedra Vixía**, no río de Zas, na que se pode gozar dun bosque de ribeira ben conservado e da área recreativa, situada a carón do río e **A Carballeira da Devesa**, próxima á vila de Baio, un dos bosques autóctonos de maior interese que atopamos ao longo do seu curso.

A pouca distancia de Baio, augas abaixo, sitúase o conxunto etnográfico dos **muíños e batáns do Mosquetín**, formado por sete muíños e tres batáns, dos que hai constancia documental desde mediados do século XVIII, único en Galicia.

Segue o río do Porto a ritmo lento polas parroquias de Salto e Calo, agás no treito do Foxo, onde vai encaixado e as augas corren máis rápidas. O seu potencial aprovéitase para a produción hidroeléctrica.

Na segunda das parroquias úneselle pola esquerda o río de Cambeda, que cruza o **val de Vimianzo**, unha fosa tectónica que se formou entre o monte de San Bartolomeu e o monte

la comarca de O Xallas. El río de Zas y el de Vilar son los tributarios que le aportan un mayor caudal.

En esta parte intermedia del río, destacan por su atractivo paisaje el **área de Pedra Vixía**, en el río de Zas, en la que se puede disfrutar de un bosque de ribera bien conservado y de la área recreativa situada al lado del río y **A Carballeira da Devesa**, próxima a la villa de Baio, uno de los bosques autóctonos de mayor interés que encontramos a lo largo de su curso.

desenvolvido e case todo el se realizaba por mar, xa que as vías terrestres eran escasas e deficitarias. No interior das rías era onde se localizaban os pequenos portos comerciais. Fisterra, Corcubión e Cee, na ría de Corcubión; Muxía, Camariñas e Ponte do Porto, na de Camariñas; e Laxe, Corme e Ponteceso, na ría de Corme e Laxe. Desde estes portos distribuíanse ás localidades de interior os produtos que chegaban (viño, aceite, ferro, cal, sal etc.) e tamén se lle daba saída a aqueles que se exportaban, que eran sobre todo agrícolas: trigo, millo, centeo, patacas, fabas ou cebolas; peixe curado ou salgado: sardiñas, congro ou pescada; madeira de piñeiro, pero tamén encaixe e olería de Buño.

O comercio por vía terrestre realizábase nas feiras que había distribuídas por todo o territorio. As de maior entidade eran as de Cee, A Picota, Baíñas, Quintáns, Ponte do Porto, Baio, A Agualada, Anllóns, Leiloio, Verdillo e Paiosaco. De todas elas as dúas máis importantes eran a de **Baio**, na Terra de Soneira, que se celebraba o terceiro domingo de cada mes no campo da Piroga (Bamiro, Vimianzo), cando menos desde o ano 1741 e a de **Verdillo**, na comarca de Bergantiños,

desarrollado y casi todo él se realizaba por mar, ya que las vías terrestres eran escasas y deficitarias. En el interior de las rías era donde se localizaban los pequeños puertos comerciales. Fisterra, Corcubión y Cee, en la ría de Corcubión; Muxía, Camariñas y Ponte do Porto, en la de Camariñas; y Laxe, Corme y Ponteceso, en la ría de Corme y Laxe. Desde estos puertos se distribuían a las localidades de interior los productos que llegaban (vino, aceite, hierro, cal, sal etc.) y también se le daba salida a aquellos que se exportaban, que eran sobre todo agrícolas: trigo, maíz, centeno, patatas, alubias o cebollas; pescado curado o salado: sardinas, congrio o merluza; madera de pino, pero también encaje y alfarería de Buño.

El comercio por vía terrestre se realizaba en las ferias que había distribuidas por todo el territorio. Las de mayor entidad eran las de Cee, A Picota, Baíñas, Quintáns, Ponte do Porto, Baio, A Agualada, Anllóns, Leiloio, Verdillo y Paiosaco. De todas ellas las dos más importantes eran la de **Baio**, en A Terra de Soneira, que se celebraba el tercer domingo de cada mes en el campo de A Piroga (Bamiro, Vimianzo), cuando menos desde el año 1741 y la de **Verdillo**, en la comarca de Bergantiños,



Feira da Trabe, Ponteceso (Arquivo Vidal)

que se celebraba na parroquia de Artes o cuarto domingo. Esta no ano 1941 trasladarase á vila de Carballo despois de varios anos de protesta dos veciños e cregos das parroquias de Verdillo, Artes e Sofán. En todas elas, ademais da transacción de todo tipo de gando e produtos agrícolas, tamén se vendía panos, calzado, ferramentas, cerámica e moitos outros produtos.

A nivel histórico o acontecemento máis importante que sucedeu no pasado século XX foi o estalido da **Guerra Civil**, que traería graves consecuencias para as terras da Costa da Morte, sobre todo naquelas vilas onde había un activo movemento sindical, como eran as de Cee pola existencia da

que se celebraba en la parroquia de Artes el cuarto domingo. Esta en el año 1941 se trasladará a la villa de Carballo después de varios años de protesta de los vecinos y curas de las parroquias de Verdillo, Artes y Sofán. En todas ellas, además de la transacción de todo tipo de ganado y productos agrícolas, también se vendía paños, calzado, herramientas, cerámica y muchos otros productos.

A nivel histórico el acontecimiento más importante que sucedió en el pasado siglo XX fue el estallido de la **Guerra Civil**, que traería graves consecuencias para las tierras de A Costa da Morte, sobre todo en aquellas villas donde había un activo movimiento sindical, como eran las de Cee por la

fábrica de Carburos ou a da Ponte do Porto, polos serradoiros de madeira.

A represión que exerceu o réxime franquista durante os anos do conflito ou na posguerra contra persoas de ideas republicanas ou sindicalistas foi enorme. Coñecemos moitas destas actuacións grazas ao labor investigador do corcubionés Luis Lamela García, recollidas no seu libro *Crónica de una represión en la "Costa da Morte"* (1995), no que aparecen procesos militares, depuracións, incautacións, "paseos" e sancións que sufriron moitos veciños durante estes terribles anos. Houbo uns 110 exiliados, máis de 100 mortos e numerosos encarcerados e fuxidos, moitos destes últimos agocháronse entre os penedos do monte Pindo.

Trala morte do ditador Franco, comeza un novo período democrático coa aprobación da Constitución de 1978 e as primeiras eleccións do ano seguinte. Nesta nova etapa producíronse na Costa da Morte certas melloras nas actividades do sector primario e incrementáronse o da construción e servizos, pero isto non foi suficiente para frear a emigración da poboación cara a outras zonas máis desenvolvidas

existencia de la fábrica de Carburos o la de A Ponte de Oporto, por los aserraderos de madera.

La represión que ejerció el régimen franquista durante los años del conflicto o en la posguerra contra personas de ideas republicanas o sindicalistas fue enorme. Conocemos muchas de estas actuaciones gracias a la labor investigadora del corcubionés Luis Lamela García, recogidas en su libro *Crónica de una represión en la "Costa da Morte"* (1995), en el que aparecen procesos militares, depuraciones, incautaciones, "paseos" y sanciones que sufrieron muchos vecinos durante estos terribles años. Hubo unos 110 exiliados, más de 100 muertos y numerosos encarcelados y huidos, muchos de estos últimos se escondieron entre los peñascos del monte Pindo.

Tras la muerte del dictador Franco, comienza un nuevo período democrático con la aprobación de la Constitución de 1978 y las primeras elecciones del año siguiente. En esta nueva etapa se produjeron en A Costa da Morte ciertas mejoras en las actividades del sector primario y se incrementaron el de la construcción y servicios, pero esto no fue suficiente para frenar la emigración de la población hacia otras zonas más desarrolladas del



Polos anos setenta e oitenta a pesca era abundante nos portos da Costa da Morte (Lonxa de Muxía)

do Estado ou cara a outros países europeos.

A pesca costeira nas décadas dos anos setenta e oitenta viviu momentos de bonanza, mais despois os caladoiros deron mostras de esgotamento e por parte da CEE impuxéronse as limitacións nas capturas, o que ocasionaría unha crise no sector.

No campo non se produciu unha modernización a non ser nas explotacións gandeiras e tampouco se creou unha industria de transformación das materias primas existentes no territorio, polo que a creación de postos de traballo non será suficiente para empregar a toda a poboación activa que había.

Estado o hacia otros países europeos.

La pesca costera en las décadas de los años setenta y ochenta vivió momentos de bonanza, pero después los caladeros dieron muestras de agotamiento y por parte de la CEE se impusieron las limitaciones en las capturas, lo que ocasionaría una crisis en el sector.

En el campo no se produjo una modernización a no ser en las explotaciones ganaderas y tampoco se creó una industria de transformación de las materias primas existentes en el territorio, por lo que la creación de puestos de trabajo no será suficiente para emplear a toda la población activa que había.

Nestes momentos o sector turístico é o máis dinámico e o que está a crear maior número de empregos, aínda que estes sexan temporais. A Costa da Morte dispón de suficientes recursos para atraer un turismo de calidade, polo que habería que apostar.

O seu rico patrimonio natural que se estende ao longo de toda a zona costeira e tamén por zonas do interior, xunto cun espléndido patrimonio histórico e cultural, unido a unha rica e variada gastronomía, converten a esta rexión nunha das de maior potencial turístico de Galicia, sempre que estes bens patrimoniais se coiden e se poñan en valor.

> Lendas

O patrimonio lendario creado polos habitantes dun territorio resulta dun gran valor para coñecer a historia do mesmo, xa que a través desta riqueza cultural imaxinaria móstrase a resposta da súa poboación aos interrogantes transcendentais que presentaron os humanos que formaban parte desa comunidade. Preguntas que tratan de explicar a súa procedencia, o seu papel na Terra e o que hai máis Alá da vida terreal.

En estos momentos el sector turístico es el más dinámico y el que está creando mayor número de empleos, aunque estos sean temporales. A Costa da Morte dispone de suficientes recursos para atraer un turismo de calidad, por lo que habría que apostar.

Su rico patrimonio natural que se extiende a lo largo de toda la zona costera y también por zonas del interior, junto con un espléndido patrimonio histórico y cultural, unido a una rica y variada gastronomía, convierten a esta región en una de las de mayor potencial turístico de Galicia, siempre que estos bienes patrimoniales se cuiden y se pongan en valor.

> Leyendas

El patrimonio legendario creado por los habitantes de un territorio resulta de un gran valor para conocer la historia del mismo, ya que a través de esta riqueza cultural imaginaria se muestra la respuesta de su población a los interrogantes trascendentales que presentaron los humanos que formaban parte de esa comunidad. Preguntas que tratan de explicar su origen, su papel en la Tierra y lo que hay más Allá de la vida terrenal.

As respostas a estas preguntas en cada cultura son diferentes e deron orixe a un conxunto de mitos, lendas, crenzas ou ritos que son os que lle atribuíron identidade a ese grupo humano e lle dan personalidade propia.

Hai territorios que, pola súa situación xeográfica, as características do seu medio físico, polo contacto con outras culturas ou por outras circunstancias, crearon un imaxinario cultural de maior riqueza e que se prolongou no tempo cunha enorme fortaleza. Isto sucedeu na Costa da Morte, un territorio na periferia da periferia do continente europeo, onde a terra remata e comeza a inmensidade das augas do océano.

Esta situación extrema do continente europeo foi o motivo principal da riqueza lendaria desta rexión occidental de Galicia. Toda ela vinculada a lugares concretos da súa xeografía: pedras, lagoas, montes, covas, árbores ou restos históricos, lugares sagrados relacionados con antigas divindades e máis tarde cristianizados, onde actualmente se sitúan os principais santuarios que hai nesta rexión costeira.

O propio nome da **Costa da Morte** tamén participa

Las respuestas a estas preguntas en cada cultura son diferentes y dieron origen a un conjunto de mitos, leyendas, creencias o ritos que son los que le atribuyeron identidad a ese grupo humano y le dan personalidad propia.

Hay territorios que, por su situación geográfica, las características de su medio físico, por el contacto con otras culturas o por otras circunstancias, crearon un imaginario cultural de mayor riqueza y que se prolongó en el tiempo con una enorme fortaleza. Esto sucedió en A Costa da Morte, un territorio en la periferia de la periferia del continente europeo, donde la tierra finaliza y comienza la inmensidad de las aguas del océano.

Esta situación extrema del continente europeo fue el motivo principal de la riqueza legendaria de esta región occidental de Galicia. Toda ella vinculada a lugares concretos de su geografía: piedras, lagunas, montes, cuevas, árboles o restos históricos, lugares sagrados relacionados con antiguas divinidades y más tarde cristianizados, donde actualmente se sitúan los principales santuarios que hay en esta región costera.

El propio nombre de **A Costa da Morte** también participa de ese imaginario

dese imaxinario lendario que trata de explicar a súa orixe. Hai quen opina que podería estar relacionado coa morte do sol que cada día se mergulle nas augas atlánticas, aínda que haxa unha maioría que defende que procede dos numerosos naufraxios que aconteceron nesta perigosa costa.

Estas catástrofes mariñas tampouco se libraron dunha aura lendaria que fala de que eran provocadas por malvados para aproveitarse do seu botín, desalmados que nas noites de temporais se achegaban á costa acompañados de vacas ás que lle poñían farois nos cornos para que simularan embarcacións que navegaban máis próximas ao litoral, incitando aos barcos a arrimarse á costa e provocando así o naufraxio. Todos os estudosos destes accidentes desmentiron a veracidade desta lenda macabra, que aínda segue viva na memoria dalgunha xente.

O granito é a rocha predominante nas terras da Costa da Morte sobre todo nas costeiras. Cando se erosiona pola acción do vento ou da auga reproduce formas singulares, algunhas de tipo antropomórfico ou zoomórfico, que espertaron a curiosidade

legendario que trata de explicar su origen. Hay quien opina que podría estar relacionado con la muerte del sol que cada día se sumerje en las aguas atlánticas, aunque haya una mayoría que defiende que procede de los numerosos naufragios que acontecieron en esta peligrosa costa.

Estas catástrofes marinas tampoco se libraron de una aura legendaria que habla de que eran provocadas por malvados para aprovecharse de su botín, desalmados que en las noches de temporales se acercaban a la costa acompañados de vacas a las que le ponían faroles en los cuernos para que simulasen embarcaciones que navegaban más próximas al litoral, incitando a los barcos a arrimarse a la costa y provocando así el naufragio. Todos los estudiosos de estos accidentes desmintieron la veracidad de esta leyenda macabra, que aún sigue viva en la memoria de alguna gente.

El granito es la roca predominante en las tierras de A Costa da Morte sobre todo en las costeras. Cuando se erosiona por la acción del viento o del agua reproduce formas singulares, algunas de tipo antropomórfico o zoomórfico, que despertaron la curiosidad de los habitantes del



Romeiros nas pedras de Abalar e dos Cadrís de Muxía

dos habitantes da contorna e que lles outorgaron a esas penas un valor transcendental, converténdoas en obxectos de culto sobre as que realizaban certas prácticas rituais para curar enfermidades ou coa intención de conseguir outro tipo de beneficio para a xente.

Existen varios lugares da Costa da Morte nos que se practicaron e aínda practican ritos relacionados coas pedras, de todos eles o máis coñecido é a **punta da Barca de Muxía** onde, segundo o profesor muxián Antón Castro, houbo un destacado santuario de culto prehistórico ás pedras, posteriormente cristianizado a través do santuario da Virxe da Barca. O que na súa orixe puido

entorno y que les otorgaron a esos peñascos un valor trascendental, convirtiéndolos en objetos de culto sobre los que realizaban ciertas prácticas rituales para curar enfermedades o con la intención de conseguir otro tipo de beneficio para la gente.

Existen varios lugares de A Costa da Morte en los que se practicaron y aún practican ritos relacionados con las piedras, de todos ellos el más conocido es la **punta de A Barca de Muxía** donde, según el profesor muxián Antón Castro, hubo un destacado santuario de culto prehistórico a las piedras, posteriormente cristianizado a través del santuario de A Virxe da Barca. El que en su origen pudo ser un espacio de

ser un espazo de culto á fecundidade converteríase logo no santuario cristián máis salientable de toda esta rexión costeira. Os monxes do mosteiro de Moraime serían os impulsores deste centro relixioso, asimilando antigos cultos pagáns e os inventores da lenda da chegada da Virxe nunha barca de pedra, integrando nela os penedos máis singulares deste espazo sagrado como a **Pedra de Abalar** ou a **Pedra dos Cadrís**.

Existen neste territorio occidental outras pedras senlleiras ás que se lles atribúen propiedades fertilizantes, como a chamada **Cama do Santo**, situada na desaparecida capela de San Guillerme de Fisterra, á que, segundo o padre Sarmiento, acudían os matrimonios estériles para teren descendencia. Este mesmo monxe ilustrado tamén cita a existencia destas prácticas nalgúns penedos do monte Pindo.

Hai pedras que polo seu volume ou pola súa situación conservan tamén lendas, como o enorme penedo fendido denominado **Sala do Perello**, próximo ao santuario da Barca, un lugar retirado do núcleo urbano de Muxía e axeitado para agocharse as parellas, e

culto a la fecundidad se convertiría luego en el santuario cristiano más importante de toda esta región costera. Los monjes del monasterio de Moraime serían los impulsores de este centro religioso, asimilando antiguos cultos paganos y los inventores de la leyenda de la llegada de la Virgen en una barca de piedra, integrando en ella las piedras más singulares de este espacio sagrado como **A Pedra de Abalar** o **A Pedra dos Cadrís**.

Existen en este territorio occidental otras piedras singulares a las que se les atribuyen propiedades fertilizantes, como la llamada **Cama do Santo**, situada en la desaparecida capilla de San Guillerme de Fisterra, a la que, según el padre Sarmiento, acudían los matrimonios estériles para tener descendencia. Este mismo monje ilustrado también cita la existencia de estas prácticas en algunas piedras del monte Pindo.

Hay piedras que por su volumen o por su situación conservan también leyendas, como la enorme peña hendida denominada **Sala do Perello**, próxima al santuario de A Barca, un lugar retirado del núcleo urbano de Muxía y adecuado para esconderse las parejas, y por lo tanto propenso al pecado, al que los niños les estaba

polo tanto propenso ao pecado, ao que os rapaces lles estaba prohibido achegarse.



Pedra da Serpe de Gondomil, en Corme.

A **pedra da Serpe** de Gondomil, en Corme, na que se ve esculpida a figura dunha serpe alada, a xeito de dragón, deu lugar á lenda de Santo Adrián, patrón desta parroquia, segundo a cal, aquel val estaba inzado de serpes que atacaban aos veciños, pero ao chegar alí o santo e dar un peto forte co pé, todos os réptiles quedaron soterrados debaixo do penedo.

Da **pedra do Frade,** situada no camiño de Vilaseco cara a Muxía, cóntase que ao seu carón foi devorado polos lobos un frade que se dirixía ao mosteiro de Moraime, do que deixaron tan só as sandalias e parte da vestimenta. En sinal deste suceso chantouse unha cruz enriba.

Un tipo de lendas abundantes na Costa da Morte son as relacionadas coas augas das lagoas, ríos ou do mar. As lendas

prohibido acercarse.

A pedra da Serpe de Gondomil, en Corme, en la que se ve esculpida la figura de una serpiente alada, semejante a un dragón, dio lugar a la leyenda de Santo Adrián, patrón de esta parroquia, según la cual, aquel valle estaba infestado de serpientes que atacaban a los vecinos, pero al llegar allí el santo y dar un golpe fuerte con el pie, todos los reptiles quedaron enterrados debajo de la peña.

De **A pedra do Frade**, situada en el camino de Vilaseco hacia Muxía, se cuenta que a su lado fue devorado por los lobos un fraile que se dirigía al monasterio de Moraime, del que dejaron tan sólo las sandalias y parte de la vestimenta. En señal de este suceso se colocó una cruz arriba.

Un tipo de leyendas abundantes en A Costa da Morte son las relacionadas con las aguas de las lagunas, ríos o del mar. Las leyendas de las ciudades

das cidades asolagadas están moi presentes nesta parte occidental de Galicia. Algunhas delas aínda se conservan na memoria da xente que rodea estes espazos como a da **lagoa de Alcaián** en Seavia (Coristanco), actualmente convertida nunha braña, coñecida como a Braña Rubia, pola cor avermellada das súas terras. Cóntase dela que un día chegaron á cidade que había neste sitio Xesucristo e San Pedro disfrazados de esmoleiros a pedir pousada e os veciños non os quixeron acoller nas súas casas e, ademais, encirráronlles os cans. Entón Xesucristo pronunciou estas verbas:

Adeus vila de Alcaián
que me encirraches os cans.
Te afundirás
e nunca arriba volverás.

E a continuación afundiuse a cidade baixo as augas da lagoa. Por iso algúns días se oen naquel lugar tocar as campás, cantar os galos ou ladrar os cans.

Na **lagoa de Traba de Laxe**, segundo a lenda, existiu a cidade de Valverde, á que chegou un día o Apóstolo Santiago, patrón da parroquia, a pedir pousada e ningún veciño lla quixo dar, tan só unha anciá lle ofreceu hospitalidade. Ao día seguinte convidou a esta señora que o

inundadas están muy presentes en esta parte occidental de Galicia. Algunas de ellas aún se conservan en la memoria de la gente que rodea estos espacios como la de la **laguna de Alcaián** en Seavia (Coristanco), actualmente convertida en una braña, conocida como A Braña Rubia, por el color rojizo de sus tierras. Se cuenta de ella que un día llegaron a la ciudad que había en este sitio Jesucristo y San Pedro disfrazados de mendigos a pedir posada y los vecinos no los quisieron acoger en sus casas y, además, les azuzaron los perros. Entonces Jesucristo pronunció estas palabras:

Adios villa de Alcaián
que me azuzaste los perros.
Te hundirás
y nunca arriba volverás.

Y a continuación se hundió la ciudad bajo las aguas de la laguna. Por eso algunos días se oyen en aquel lugar tocar las campanas, cantar los gallos o ladrar los perros.

En la **laguna de Traba de Laxe**, según la leyenda, existió la ciudad de Valverde, a la que llegó un día el Apóstol Santiago, patrón de la parroquia, a pedir posada y ningún vecino se la quiso dar, tan sólo una anciana le ofreció hospitalidad. Al día siguiente invitó a esta



Lagoa de Traba de Laxe

acompañara ao alto da Moa. Cando chegaron alí, ollaron para atrás e viron como a vila desaparecía baixo as augas da lagoa.

Unha versión semellante as dúas lendas anteriores é a da **cidade de Duio**, en Fisterra, onde tamén debeu haber unha lagoa no fondo do val. Hai varias versións do relato, un deles di que chegou Xesucristo e parouse diante do cruceiro do Rapadoiro e desde alí dixo: "que Deus vos converta, que nós non podemos", e a cidade desapareceu.

A cidade mítica de Duio tamén está presente na lenda da translación dos restos do Apóstolo Santiago a Galicia, pois nela era onde

señora que lo acompañara al alto de A Moa. Cuando llegaron allí, miraron para atrás y vieron como la villa desaparecía bajo las aguas de la laguna.

Una versión semejante a las dos leyendas anteriores es la de la **ciudad de Duio**, en Fisterra, donde también debió haber una laguna en el fondo del valle. Hay varias versiones del relato, uno de ellos dice que llegó Jesucristo y se paró delante del crucero de O Rapadoiro y desde allí dijo: "que Dios os convierta, que nosotros no podemos", y la ciudad desapareció.

La ciudad mítica de Duio también está presente en la leyenda de la traslación de los restos del Apóstol Santiago a Galicia, pues

vivía o rei ou gobernador romano ao que a raíña Lupa enviou aos discípulos que portaban o corpo do Apóstolo para solicitar un lugar onde soterralo, historia que se recolle no *Códice Calixtino*.

Lendas semellantes serían a da cidade de Valverde da praia da Ermida, en Corme, a cidade de Galilea na lagoa de Baldaio ou a cidade da lagoa das Xarfas de Louro.

As fontes, pozos ou ríos tamén son lugares propicios para a aparición de seres fantásticos. Na fonte de San Paio (Coristanco), aparece pola noite unha galiña con pitos; na de San Xoán do Esto (Cabana de Bergantiños) na noite de San Xoán vense uns gravados nunha rocha que hai ao seu carón; no pozo da Forca (Riobó, Cabana de Bergantiños) atópase unha grade de ouro, e no pozo da Xerpa, na desembocadura do río Anllóns, emerxe un ser fantástico, metade corpo de muller e metade de serpe, que engaiola e atrae aos que ollen para el.

Abundantes son tamén as lendas que fan referencia aos montes, como o **monte Neme**, cuxo nome significa 'bosque sagrado', que seguramente teña que ver coa existencia no seu cume dun círculo lítico

en ella era donde vivía el rey o gobernador romano al que la reina Lupa envió a los discípulos que portaban el cuerpo del Apóstol para solicitar un lugar donde enterrarlo, historia que se recoge en el Códice Calixtino.

Leyendas semejantes serían la de la ciudad de Valverde de la playa de A Ermita, en Corme, la ciudad de Galilea en la laguna de Baldaio o la ciudad de la laguna de As Xarfas de Louro.

Las fuentes, pozos o ríos también son lugares propicios para la aparición de seres fantásticos. En la fuente de San Paio (Coristanco), aparece por la noche una gallina con polluelos; en la de San Xoán de O Esto (Cabana de Bergantiños) en la noche de San Juan se ven unos grabados en una roca que hay a su lado; en el pozo da Forca (Riobó, Cabana de Bergantiños) se encuentra una grade de oro, y en el pozo da Xerpa, en la desembocadura del río Anllóns, emerge un ser fantástico, mitad cuerpo de mujer y mitad de serpiente, que seduce y atrae a los que miren para él.

Abundantes son también las leyendas que hacen referencia a los montes, como el **monte Neme**, cuyo nombre significa 'bosque sagrado', que seguramente tenga que ver con la existencia en su cumbre de



Monte Neme desde a lagoa de Baldaio

ou crómlech, coñecido popularmente como Eira das Meigas, onde, segundo a tradición oral, se xuntaban as meigas da contorna na noite de San Xoán para ditar sentenzas xudiciais contra os humanos. Espazo que sería máis tarde cristianizado coa capela de Santa Cristina.

Nos penedos de Pasarela e Traba, auténtico parque temático natural, sitúase o **Torre da Moa**, unha atalaia sobre o val e a praia de Traba, formada por un enorme penedo que semella unha moa de muíño ou dental. Cóntase que debaixo dela estaba a Capela dos Mouros, construída por estes míticos personaxes, onde agochaban os seus

un círculo lítico o crómlech, conocido popularmente como Eira das Meigas, donde, según la tradición oral, se juntaban las brujas del entorno en la noche de San Juan para dictar sentencias judiciales contra los humanos. Espacio que sería más tarde cristianizado con la capilla de Santa Cristina.

En los Penedos de Pasarela y Traba, auténtico parque temático natural, se sitúa **A Torre da Moa**, una atalaya sobre el valle y la playa de Traba, formada por una enorme piedra que parece una muela de molino o dental. Se cuenta que debajo de ella estaba A Capela dos Mouros, construida por estos míticos personajes, donde escondían sus tesoros.

tesouros. Tamén se di que había un túnel que comunicaba este lugar coa lagoa de Traba.

O **monte Facho de Fisterra** que remata no coñecido cabo ou promontorio Nerio é tamén un monte cheo de historias e lendas. Son varios os lugares deste monte que conservan relatos fantásticos, como **as pedras Santas**, das que se di que sobre elas descansou a Virxe ou sitio no que se situaba a **capela de San Guillerme**, á que fixemos anteriormente alusión. Hai quen identificou este santo como o duque de Aquitania, Guillerme X, inmortalizado no personaxe de don Gaiferos, pero tamén hai quen di que puido tratarse dun ermitán que viviu alí. Coa figura de San Guillerme tamén se identifica a lenda do barril de viño, que relata o viaxeiro polaco Erich Lassota no século XVI.

A coñecida **lenda de Orcavella** tamén se localiza nun lugar do monte Facho de Fisterra, recollida no século XVI polo cabaleiro navarro Julián Íñeguez, peregrino que chegou a Fisterra e que escoitou este relato sobre unha muller anciá que viviu 176 anos, esperta en artes máxicas, que roubaba e comía todos os meniños que caían nas súas mans. Cansa de vivir

También se dice que había un túnel que comunicaba este lugar con la laguna de Traba.

El **monte Facho de Fisterra** que finaliza en el conocido cabo o promontorio Nerio es también un monte lleno de historias y leyendas. Son varios los lugares de este monte que conservan relatos fantásticos, como **As pedras Santas**, de las que se dice que sobre ellas descansó la Virgen o el lugar en el que se situaba la **capilla de San Guillerme**, a la que hicimos anteriormente alusión. Hay quien identificó este santo como el duque de Aquitania, Guillermo X, inmortalizado en el personaje de don Gaiferos, pero también hay quien dice que pudo tratarse de un ermitaño que vivió allí. Con la figura de San Guillerme también se identifica la leyenda del barril de vino, que relata el viajero polaco Erich Lassota en el siglo XVI.

La conocida **leyenda de Orcavella** también se localiza en un lugar del monte Facho de Fisterra, recogida en el siglo XVI por el caballero navarro Julián Íñeguez, peregrino que llegó a Fisterra y que escuchó este relato sobre una mujer anciana que vivió 176 años, experta en artes mágicas, que robaba y comía todos los



O Pindo é o monte máis mítico e lendario da Costa da Morte

retirouse a este monte e escavou unha tumba entre uns penedos e, coa axuda dun pastor que ela tiña preso e encantado, cubriu o sepulcro cunha enorme lousa e abrazada a el morreu aos tres días. Os compañeiros do pastor, ao oír os seus berros, intentaron rescatalo, pero non puideron porque a tumba estaba rodeado de serpes.

Outro dos lugares míticos da Costa da Morte é o **monte Pindo**, tamén coñecido como o Olimpo Celta. A súa proximidade ao mar e as escarpadas cumes graníticas convertérono nun espazo propenso para as lendas. A intensa fragmentación das súas rochas creou unha orografía

niños que caían en sus manos. Cansada de vivir se retiró a este monte y excavó una tumba entre unas peñas y, con la ayuda de un pastor que ella tenía preso y encantado, cubrió el sepulcro con una enorme losa y abrazada a él murió a los tres días. Los compañeros del pastor, al oír sus gritos, intentaron rescatarlo, pero no pudieron porque la tumba estaba rodeada de serpientes.

Otro de los lugares míticos de A Costa da Morte es el **monte Pindo**, también conocido como el Olimpo Celta. Su cercanía al mar y las escarpadas cumbres graníticas lo convirtieron en un espacio propenso para las leyendas. La intensa fragmentación de sus rocas creó una orografía

chea de cristas, covas e barrancos que dificultan camiñar pola súa superficie. Ao padre Sarmiento chamáronlle a atención as múltiples historias que se contaban sobre este macizo pedroso, como que nel medraba moito a herba durante a noite, que estaba cheo de plantas medicinais ou que a el acudían os matrimonios estériles para teren familia. Fálase de que houbo dúas fortalezas, unha no cume de Penafiel, derribada polos irmandiños e outra no Pedrullo, que databa do século X. Sobre esta dise que a raíña Lupa tiña alí un dos seus palacios. Tamén se contaba desta mítica raíña que estaba soterrada no cume da Moa, acompañada dun tesouro.

Hai un túnel natural neste monte coñecido como a **Casa de Xoana**, do que se conta que a noite de San Xoán se xuntan as meigas da contorna para preparar os meigallos do ano e logo diríxense ao Chan das Lamas, unha chanceira tamén deste monte, e desde alí cada unha colle rumbo ao seu destino.

Hai lendas creadas sobre covas ou túneles. De todas elas a máis coñecida é a **lenda da Buserana**, situada no extremo norte do monte Cachelmo de Muxía, preto do actual parador de turismo da Costa da

llena de crestas, cuevas y barrancos que dificultan caminar por su superficie. Al padre Sarmiento le llamaron la atención las múltiples historias que se contaban sobre este macizo pedregoso, como que en él crecía mucho la hierba durante la noche, que estaba lleno de plantas medicinales o que a él acudían los matrimonios estériles para tener familia. Se habla de que hubo dos fortalezas, una en la cumbre de Penafiel, derribada por los irmandiños y otra en el Pedrullo, que databa del siglo X. Sobre esta se dice que la reina Lupa tenía allí uno de sus palacios. También se contaba de esta mítica reina que estaba enterrada en la cumbre A Moa, acompañada de un tesoro.

Hay un túnel natural en este monte conocido como **A Casa de Xoana**, del que se cuenta que la noche de San Juan se juntan las brujas del entorno para preparar las brujerías del año y luego se dirigen al Chan das Lamas, una llanura también de este monte, y desde allí cada una coge rumbo a su destino.

Hay leyendas creadas sobre cuevas o túneles. De todas ellas la más conocida es la **leyenda de A Buserana**, situada en el extremo norte del monte Cachelmo de Muxía, cerca del actual parador de turismo de A



Furna da Buserana

Morte. Dentro desta cova escóitanse os ronquidos do mar nos días de temporal, que seguramente foron os que deron orixe a esta historia e dos que falan os mariñeiros de Muxía, pero foi o poeta muxián Gonzalo López Abente o que realizou a recreación literaria desta lenda na súa novela curta *Buserana*, publicada en 1925. O relato fantástico relaciona esta cova co castro de Xansón, situado nun monte próximo, no que se situaría o hipotético castelo do pai de Florinda, a moza protagonista, namorada do trobeiro Buserán.

As lendas sobre túneles son moi abundantes nos restos históricos, como castros ou fortalezas medievais; unha

Costa da Morte. Dentro de esta cueva se escuchan los ronquidos del mar en los días de temporal, que seguramente fueron los que dieron origen a esta historia y de la que nos hablan los marineros de Muxía, pero fue el poeta muxián Gonzalo López Abente el que realizó la recreación literaria de esta leyenda en su novela corta *Buserana*, publicada en 1925. El relato fantástico relaciona esta cueva con el castro de Xansón, situado en un monte próximo, en el que se situaría el hipotético castillo del padre de Florinda, la chica protagonista, enamorada del trovador Buserán.

Las leyendas sobre túneles son muy abundantes en los restos históricos, como castros o fortalezas

das máis populares é a que fala dun túnel que había entre as torres e a igrexa de Santiago de Mens (Malpica). Cóntase que un conde que vivía nestas torres raptou unha moza e tíñaa presa no castelo. Os veciños para liberala decidiron asaltar a fortaleza e o conde ao verse acurralado intentou fuxir a través do pasadizo, pero os veciños prendéronlle lume nas dúas bocas e o nobre morreu no interior. Conta a veciñanza que desde aquela o trigo que se planta por onde pasaba o túnel medra menos e marelece antes.

Hai árbores aos que, pola súa antigüidade ou por estaren situados ao pé dun santuario, se lles outorga poderes curativos ou sobrenaturais. Así, do vello **carballo de Santo Antón de Vilardefrancos** (Artes, Carballo), considerado como o máis antigo deste territorio, dise que naceu no interior da capela dedicada a este santo. A el atribúenselle dotes casamenteiros. Se se achega a el unha moza e dá tres voltas arredor da árbore e consegue introducir unha pedra nun dos seus ocos, casará antes dun ano.

Ao carballo centenario que hai a carón da **capela de San Fins de Cambeda** (Vimianzo) atribúenselle propiedades para curar enfermidades como hernias

medievales; una de las más populares es la que habla de un túnel que había entre las torres y la iglesia de Santiago de Mens (Malpica). Se cuenta que un conde que vivía en estas torres raptó a una joven y la tenía presa en el castillo. Los vecinos para liberarla decidieron asaltar la fortaleza y el conde al verse acorralado intentó huir a través del pasadizo, pero los vecinos le prendieron fuego en las dos bocas y el noble murió en el interior. Cuenta el vecindario que desde entonces el trigo que se planta por donde pasaba el túnel crece menos y amarillea antes.

Hay árboles a los que, por su antigüedad o por estar situados al pie de un santuario, se les otorga poderes curativos o sobrenaturales. Así, del viejo **roble de Santo Antón de Vilardefrancos** (Artes, Carballo), considerado como el más antiguo de este territorio, se dice que nació en el interior de la capilla dedicada a este santo. A él se le atribuyen dotes casamenteros. Si se acerca a él una joven y da tres vueltas alrededor del árbol y consigue introducir una piedra en uno de sus huecos, casará antes de un año.

Al roble centenario que hay al lado de la **capilla de San Fins de Cambeda** (Vimianzo) se le atribuyen propiedades para curar

ou males de barriga. Para sandar os nenos herniados realizábase o rito de pasar nove veces a través dunha póla fendida. Se a rama volve a prender, o cativo cura. Tamén se practica a tradición de dar nove voltas arredor da árbore para curar calquera tipo de doenza.

Os restos históricos máis antigos, como dolmens ou castros, son proclives á invención de lendas que tratan de explicar a súa orixe ou a súa función. Así foi como naceron as **lendas de mouras e mouros**, relacionadas con estes monumentos prehistóricos.

Hai quen defende que as lendas de mouras construtoras de megálitos son anteriores aos romanos e por iso se semellan ás doutros territorios atlánticos, como Bretaña ou Irlanda.

Os dolmens na antigüidade puideron ser lugares de culto á fertilidade ou de cura de doenzas, polo que a igrexa católica lles outorgou connotacións negativas aos persoeiros desas lendas, convertendo as mouras en bruxas ou meigas noxentas para que a xente non se achegase a eses espazos. Mais eses antigos seres, con poderes para transportar enormes penedos, poderían representar antigas divindades femininas, como

enfermedades como hernias o males de barriga. Para sanar los niños herniados se realizaba el rito de pasar nueve veces a través de una rama hendida. Si la rama vuelve a prender, el niño cura. También se practica la tradición de dar nueve vueltas alrededor del árbol para curar cualquier tipo de dolencia.

Los restos históricos más antiguos, como dólmenes o castros, son proclives a la invención de leyendas que tratan de explicar su origen o su función. Así fue cómo nacieron las leyendas de *mouras* y *mouros*, relacionadas con estos monumentos prehistóricos.

Hay quien defiende que las leyendas de *mouras* constructoras de megalitos son anteriores a los romanos y por eso se parecen a las de otros territorios atlánticos, como Bretaña o Irlanda.

Los dólmenes en la antigüedad pudieron ser lugares de culto a la fertilidad o de cura de dolencias, por lo que la iglesia católica les otorgó connotaciones negativas a los personajes de esas leyendas, convirtiendo las *mouras* en brujas o magas repelentes para que la gente no se acercara a esos lugares. Pero esos antiguos seres, con poder para transportar enormes peñas, podrían representar



A Pedra da Arca de Malpica é un dos dolmens que conserva a lenda da moura

deusas da fertilidade ás que se lle rendía culto.

O personaxe da moura tamén se pode representar como unha moza fermosa de cabelos louros e moi atractiva. Aparece en lugares relacionados coa auga (fontes, ríos ou pozos), dándolle o peito a un cativo, lavando a roupa ou peiteando os seus cabelos, pero os poderes sobrenaturais permítenlle desaparecer ou converterse en serpe. E para que volva a ser muller é preciso saber desencantala.

Os mouros están máis relacionados cos castros, nalgúns casos foron os seus habitantes e os construtores destes recintos. Os seus modos

antiguas divinidades femeninas, como diosas de la fertilidad a las que se le rendía culto.

El personaje de la *moura* también se puede representar como una joven hermosa de cabellos rubios y muy atractiva. Aparece en lugares relacionados con el agua (fuentes, ríos o pozos), dándole el pecho a un niño, lavando la ropa o peinando sus cabellos, pero los poderes sobrenaturales le permiten desaparecer o convertirse en serpiente. Y para que vuelva a ser mujer es preciso saber desencantarla.

Los *mouros* están más relacionados con los castros, en algunos casos fueron sus habitantes

de vida presentan certas similitudes cos humanos, pero diferéncianse en que posúen poderes sobrenaturais, como volverse invisibles ou levantar unha construción nunha noite. Viven baixo terra, acompañados de grandes tesouros.

Na Costa da Morte son tamén abundantes as **lendas sobre virxes ou santos**, lendas haxiográficas, que teñen por finalidade explicar o porqué da construción dun santuario en determinado lugar ou a aparición da divindade á que está dedicado. En moitos dos santuarios desta nosa rexión costeira a lenda dinos que o seu patrón ou patroa chegou a través do mar como o Cristo de Fisterra, a Virxe da Xunqueira, o San Marcos de Corcubión, a Virxe da Barca, a Virxe do Monte de Camariñas ou o Espírito Santo de Camelle. Outras lendas falan de que os veciños intentaron levar para a igrexa parroquial a imaxe aparecida, pero esta volve ao lugar de aparición, para mostrar que é nese sitio onde desexa que lle levanten a capela.

Relacionada co camiño xacobeo de Fisterra e Muxía temos a lenda sobre o **vákner**, un descoñecido animal salvaxe ao que fai

y los constructores de estos recintos. Sus modos de vida presentan ciertas similitudes con los humanos, pero se diferencian en que poseen poderes sobrenaturales, como volverse invisibles o levantar una construcción en una noche. Viven bajo tierra, acompañados de grandes tesoros.

En A Costa da Morte son también abundantes las **leyendas sobre vírgenes o santos**, leyendas hagiográficas, que tienen por finalidad explicar el porqué de la construcción de un santuario en determinado lugar o la aparición de la divinidad a la que está dedicado. En muchos de los santuarios de esta nuestra región costera la leyenda nos dice que su patrón o patrona llegó a través del mar como el Cristo de Fisterra, A Virxe da Xunqueira, el San Marcos de Corcubión, A Virxe da Barca, A Virxe do Monte de Camariñas o el Espíritu Santo de Camelle. Otras leyendas hablan de que los vecinos intentaron llevar para la iglesia parroquial la imagen aparecida, pero esta vuelve al lugar de aparición, para mostrar que es en ese sitio donde desea que le levanten la capilla.

Relacionada con el camino xacobeo de Fisterra y Muxía tenemos la leyenda sobre el **vákner,** un desconocido



Escultura do vákner elaborada por Cándido Pazos

referencia o peregrino armenio Mártir, bispo de Adzenján co que se atopou ao cruzar unha zona montesía, preto do Marco do Couto (Os Buxantes, Dumbría), no camiño a Fisterra no ano 1492. Este viaxeiro relixioso chega a Santiago de Compostela despois de peregrinar por varios países europeos entre os anos 1489 e 1496.

animal salvaje al que hace referencia el peregrino armenio Mártir, obispo de Adzenján con el que se encontró al cruzar una zona agreste, cerca de O Marco do Couto (Os Buxantes, Dumbría), en el camino a Fisterra en el año 1492. Este viajero religioso llega a Santiago de Compostela después de peregrinar por varios países europeos entre los años 1489 y 1496.

A escasa descrición que o peregrino fai desta fera fixo que resultase difícil identificar o estraño animal co que se atopou naquel tempo en terras tan solitarias desta ruta e que se manifestasen diferentes interpretacións sobre esta enigmática besta, tanto desde unha visión realista como mitolóxica.

A parte do texto deste peregrino no que se fai referencia a este animal, escrito en armenio vulgar, traducido primeiro ao francés a comezos do século XIX por Antoine Jean Saint Martin e logo ao castelán por Emilia Gayangos de Riaño é esta:

"Padecín moitos traballos e fatigas nesa viaxe, na que me atopei con gran cantidade de bestas bravas e moi perigosas. E encontreime co vákner, animal salvaxe, grande e moi danoso.

-Como puideches salvarte –dicíanme-, cando grupos de vinte persoas non puideron pasar?

Pasei deseguido ao país de Holani no que os habitantes se alimentaban tamén de peixe e non comprendía a súa lingua. Tratáronme coa maior consideración, levándome de casa en casa e admirándose de que fose quen de escapar do vákner".

La escasa descripción que el peregrino hace de esta fiera hizo que resultara difícil identificar el extraño animal con el que se encontró en aquel tiempo en tierras tan solitarias de esta ruta y que se manifestaran diferentes interpretaciones sobre esta enigmática bestia, tanto desde una visión realista como mitológica.

La parte del texto de este peregrino en el que se hace referencia a este animal, escrito en armenio vulgar, traducido primero al francés a comienzos del siglo XIX por Antoine Jean Saint Martin y luego al castellano por Emilia Gayangos de Riaño es esta:

"Padecí muchos trabajos y fatigas en ese viaje, en el que me encontré con gran cantidad de bestias bravas y muy peligrosas. Y me encontré con el vákner, animal salvaje, grande y muy dañino.

-¿Cómo pudiste salvarte –me decían-, cuando grupos de veinte personas no pudieron pasar?

Pasé en seguida al país de Holani en el que los habitantes se alimentaban también de pescado y no comprendía su lengua. Me trataron con la mayor consideración, llevándome de casa en casa y admirándose de que fuera capaz de escapar del vákner".

Para o tradutor francés o animal salvaxe ao que fai alusión Mártir parécelle que sería un touro ou un oso, non obstante, Gayangos, que realizou a versión en castelán, identificouno cun lobo cerval (un lince boreal, que habitou na cornixa cantábrica ata o século XIX). Estudosos como José Luis Pensado, Aurora Lestón ou Fernando Alonso Romero non descartan que fose un animal imaxinario ou mítico. Para o primeiro podería tratarse dun ser creado pola igrexa católica coa intencionalidade de perseguir cultos pagáns arraigados neste afastado territorio; a segunda considerouno como un dragón e Alonso Romero inclínase por unha figura mítica do folclore popular de orixe indoeuropea pola semellanza co *besajaun* vasco, que habita nos bosques ou o *busgosu* asturiano, besta forzuda con pelaxe e cornos, e que en Galicia se podería corresponder co nubeiro, ser maligno, causante de raios e tronadas. Mais tampouco descarta que fose un lobo ou un lobishome, unha figura tamén indoeuropea.

O biólogo Martiño Nercellas pretendeu ofrecer unha versión nova sobre este misterioso animal partindo das interpretacións aportadas

Para el traductor francés el animal salvaje al que hace alusión Mártir le parece que sería un toro o un oso, no obstante, Gayangos, que realizó la versión al castellano, lo identificó con un lobo cerval (un lince boreal, que habitó en la cornisa cantábrica hasta el siglo XIX). Estudiosos como José Luis Pensado, Aurora Lestón o Fernando Alonso Romero no descartan que fuera un animal imaginario o mítico. Para el primero podría tratarse de un ser creado por la iglesia católica con la intencionalidad de perseguir cultos paganos arraigados en este alejado territorio; la segunda lo consideró como un dragón y Alonso Romero se inclina por una figura mítica del folclore popular de origen indoeuropeo por la semejanza con el *besajaun* vasco, que habita en los bosques o el *busgosu* asturiano, bestia forzuda con pelaje y cuernos, y que en Galicia se podría corresponder con el *nubeiro*, ser maligno, causante de rayos y tronadas. Mas tampoco descarta que fuera un lobo o un *lobishome*, una figura también indoeuropea.

El biólogo Martiño Nercellas pretendió ofrecer una versión nueva sobre este misterioso animal partiendo de las interpretaciones aportadas

por anteriores autores e considerando aspectos zoolóxicos relacionados con determinados sucesos acontecidos durante varios séculos en toda Europa.

Segundo el resulta moi difícil que se tratase dun lobo cerval ou dun oso, especies que non tiñan presenza nesta zona naquela época. Tamén resulta improbable identificalo cun touro salvaxe (uro), do que tampouco hai rastro da súa presenza nestes montes máis occidentais. Desbota tamén a posibilidade dun lobo nun estado biolóxico normal por ser un animal incapaz de atemorizar a un grupo de 20 persoas, pero non descarta que puidese ser un lobo contaxiado por un virus capaz de alterar o seu comportamento, que na fase máis crúa do contaxio actuase con extrema violencia, un lobo diabólico como puido ser a Besta de Gévaudan, que tanto dano causaría no sur de Francia. Cita casos destes animais enfermos noutros países de Europa, en Galicia e incluso na Costa da Morte. Sería este animal rabioso o que viu o bispo Mártir na súa peregrinación a Fisterra? Pregúntase Nercellas.

O concello de Dumbría despois de máis de 500 anos dese relato do relixioso armenio propúxose

por anteriores autores y considerando aspectos zoológicos relacionados con determinados sucesos acontecidos durante varios siglos en toda Europa.

Segundo él resulta muy difícil que se tratara de un lobo cerval o de un oso, especies que no tenían presencia en esta zona en aquella época. También resulta improbable identificarlo con un toro salvaje (uro), del que tampoco hay rastro de su presencia en estos montes más occidentales. Descarta también la posibilidad de un lobo en un estado biológico normal por ser un animal incapaz de atemorizar a un grupo de 20 personas, pero no deshecha que pudiera ser un lobo contagiado por un virus capaz de alterar su comportamiento, que en la fase más cruda del contagio actuara con extrema violencia, un lobo diabólico como pudo ser la Bestia de Gévaudan, que tanto daño causaría en el sur de Francia. Cita casos de estos animales enfermos en otros países de Europa, en Galicia e incluso en A Costa da Morte. ¿Sería este animal rabioso el que vio el obispo Mártir en su peregrinación a Fisterra? Se pregunta Nercellas.

El ayuntamiento de Dumbría después de más de 500 años de



Festival Vákner celebrado o 28 de maio de 2022 (Adiante Galicia)

potenciar a figura deste descoñecido ser, coa finalidade de que podería significar un atractivo máis para dinamizar esta ruta xacobea de Fisterra e Muxía e tamén un símbolo de identidade e un recurso turístico deste concello.

Para acadar estes obxectivos e promocionar esta figura xa convertida en lenda programou unha sería de actos nestes últimos anos como foron a organización dun Encontro Internacional sobre o Territorio Vákner en outubro de 2019 baixo o título "O Vákner, un mostro do medievo no Camiño de Fisterra e Muxía", no que participaron investigadores deste tema ou relacionado con el; a instalación dunha escultura de bronce de case 5 metros de alto que representase esta mítica figura creada

ese relato del religioso armenio se propuso potenciar la figura de este desconocido ser, con la finalidad de que podría significar un atractivo más para dinamizar esta ruta jacobea de Fisterra y Muxía y también un símbolo de identidad y un recurso turístico de este ayuntamiento.

Para alcanzar estos objetivos y promocionar esta figura ya convertida en leyenda programó una sería de actos en estos últimos años como fueron la organización de un Encuentro Internacional sobre el Territorio Vákner en octubre de 2019 bajo el título "El Vákner, un monstruo del medievo en el Camino de Fisterra y Muxía", en el que participaron investigadores de este tema o relacionado con él; la instalación de una escultura

polo artista Cándido Pazos, nas proximidades do cruceiro do Marco do Couto; a celebración do Festival Vákner. Estes dous últimos actos tiveron lugar o 28 de maio de 2022 e a convocatoria do Certame Literario Territorio Vákner, que vai na súa terceira edición, dirixido a escolares e persoas adultas.

de bronce de casi 5 metros de alto que representara esta mítica figura creada por el artista Cándido Pazos, en las cercanías del crucero de O Marco do Couto; la celebración del Festival Vákner. Estos dos últimos actos tuvieron lugar el 28 de mayo de 2022 y la convocatoria del Certamen LiterarioTerritorio Vákner, que va en su tercera edición, dirigido a escolares y personas adultas.



05 GASTRONOMÍA

GASTRONOMÍA

A gastronomía nos tempos actuais constitúe un dos grandes valores de atracción turística dun territorio, xunto co patrimonio natural e histórico. Coidar este recurso resulta esencial dentro de calquera planificación dun destino turístico.

Estamos a percibir a diario como os programas de cociña enchen espazos televisivos e de radio, e páxinas de xornais e revistas e espertan cada vez máis o interese dos viaxeiros.

A riqueza gastronómica dunha rexión como a da Costa da Morte depende de varios factores, entre os esenciais estarían a materia prima existente, é dicir, os produtos ou ingredientes necesarios para a elaboración dos diferentes pratos, a cultura gastronómica que ao longo da historia foron forxando os seus habitantes e a formación académica do persoal que se dedica á restauración nos diferentes establecementos que ofertan ese servizo.

A gastronomía ou arte de cociñar, entendida dun xeito xeneralizado, forma parte dos intereses da sociedade actual que goza dun certo grao de benestar. Esta demanda

La gastronomía en los tiempos actuales constituye uno de los grandes valores de atracción turística de un territorio, junto con el patrimonio natural e histórico. Cuidar este recurso resulta esencial dentro de cualquier planificación de un destino turístico.

Estamos percibiendo a diario como los programas de cocina llenan espacios televisivos y de radio, y páginas de periódicos y revistas y despiertan cada vez más el interés de los viajeros.

La riqueza gastronómica de una región como la de A Costa da Morte depende de varios factores, entre los esenciales estarían la materia prima existente, es decir, los productos o ingredientes necesarios para la elaboración de los diferentes platos, la cultura gastronómica que a lo largo de la historia fueron forjando sus habitantes y la formación académica del personal que se dedica a la restauración en los diferentes establecimientos que ofertan ese servicio.

La gastronomía o arte de cocinar, entendida de una manera generalizada, forma parte de los intereses de la sociedad actual que disfruta de un cierto grado de bienestar. Esta demanda en otros tiempos

noutros tempos estaba vinculada tan só ás clases privilexiadas: nobreza, fidalguía ou burguesía, xa que as clases populares, que vivían fundamentalmente no medio rural centraban a súa preocupación na consecución de produtos para poder alimentarse diante da penuria na que vivían.

Se temos en conta que a maioría da poboación da Costa da Morte vivía e aínda vive en pequenos núcleos, excepto aquela que o fai nas vilas costeiras, entendemos que a nosa cociña estivese moi pouco evolucionada en tempos atrás, igual que ocorría no resto da Galicia rural. A carne de porco formaba a base da alimentación nas terras do interior, complementada con outros produtos que obtiña o campesiño co seu traballo, como leite, ovos e algunhas hortalizas, verduras ou froitas. Na zona costeira a base alimentaria centrábase máis nos produtos do mar: sardiñas, xurelos, polbo e outras especies, mais tampouco faltaba a carne porcina.

Curiosamente, aos mariscos e moitos peixes que actualmente forman a exquisitez da gastronomía da Costa da Morte, dábaselle pouco valor na mesa das familias máis humildes.

estaba vinculada tan sólo a las clases privilegiadas: nobleza, hidalguía o burguesía, ya que las clases populares, que vivían fundamentalmente en el medio rural centraban su preocupación en la consecución de productos para poder alimentarse ante la penuria en la que vivían.

Si tenemos en cuenta que la mayoría de la población de A Costa da Morte vivía y aún vive en pequeños núcleos, excepto aquella que lo hace en las villas costeras, entendemos que nuestra cocina estuviera muy poco evolucionada en tiempos atrás, igual que ocurría en el resto de la Galicia rural. La carne de cerdo formaba la base de la alimentación en las tierras del interior, complementada con otros productos que obtenía el campesino con su trabajo, como leche, huevos y algunas hortalizas, verduras o frutas. En la zona costera la base alimentaria se centraba más en los productos del mar: sardinas, jureles, pulpo y otras especies, pero tampoco faltaba la carne porcina.

Curiosamente, a los mariscos y muchos pescados que actualmente forman la exquisitez de la gastronomía de A Costa da Morte, se le daba poco valor en la mesa de las familias más humildes.



Os percebeiros enfróntanse cada día de traballo a un mar bravo

O que hoxe está considerado como o rei do marisco, o percebe, tiña pouco atractivo para as familias mariñeiras e comíase se non había outra cousa, igual pasaba con outros mariscos moi apreciados na gastronomía actual. Aínda se lles escoita dicir a algunhas persoas maiores da beiramar que comer percebes con cachelos era comida de pobres.

Os mariscos e moitos dos peixes comezaron a adquirir valor a partir dos anos sesenta e setenta do pasado século, cando o poder adquisitivo das familias aumentou e a demanda destes produtos elevouse moito sobre todo en certos momentos do ano, como o Nadal, Semana Santa ou no verán.

El que hoy está considerado como el rey del marisco, el percebe, tenía poco atractivo para las familias marineras y se comía si no había otra cosa, igual pasaba con otros mariscos muy apreciados en la gastronomía actual. Aún se les escucha decir a algunas personas mayores de la costa que comer percebes con cachelos era comida de pobres.

Los mariscos y muchos de los pescados comenzaron a adquirir valor a partir de los años sesenta y setenta del pasado siglo, cuando el poder adquisitivo de las familias aumentó y la demanda de estos productos se elevó mucho sobre todo en ciertos momentos del año, como la Navidad, Semana Santa o en verano.

A gastronomía na Costa da Morte recobra importancia a finais do século XX e comezos do seguinte, cando o turismo se converte nun dos maiores recursos desta rexión costeira. A afluencia de visitantes aumentou a demanda de servizos hostaleiros e de produtos de alimentación propios da zona como o peixe e o marisco.

A apertura de novos restaurantes contribuíu á evolución da cociña tradicional e á demanda de persoal máis cualificado, capaz de elaborar pratos máis creativos e variados, unha cociña máis moderna, aínda sen perder a esencia da tradicional e tomando como base a excelente materia prima existente no noso territorio.

Poucas zonas de Galicia dispoñen dunha ampla gama de produtos naturais de tan boa calidade coma a Costa da Morte. Do seu extenso litoral extráese todo tipo de peixes e mariscos, e nas terras do interior prodúcense excelentes hortalizas e verduras; así como extraordinarias carnes que, no seu conxunto, constitúen a mellor materia prima para a elaboración de apetecibles pratos. Ao dispoñer de produtos

La gastronomía en A Costa da Morte recobra importancia a finales del siglo XX y comienzos del siguiente, cuando el turismo se convierte en uno de los mayores recursos de esta región costera. La afluencia de visitantes aumentó la demanda de servicios hosteleros y de productos de alimentación propios de la zona como el pescado y el marisco.

La apertura de nuevos restaurantes contribuyó a la evolución de la cocina tradicional y a la demanda de personal más cualificado, capaz de elaborar platos más creativos y variados, una cocina más moderna, aun sin perder la esencia de la tradicional y tomando como base la excelente materia prima existente en nuestro territorio.

Pocas zonas de Galicia disponen de una amplia gama de productos naturales de tan buena calidad como A Costa da Morte. De su extenso litoral se extrae todo tipo de pescados y mariscos, y en las tierras del interior se producen excelentes hortalizas y verduras; así como extraordinarias carnes que, en su conjunto, constituyen la mejor materia prima para la elaboración de apetecibles platos. Al disponer de productos de mar y tierra, la cocina de nuestra región

de mar e terra, a cociña da nosa rexión pódese considerar como unha mostra representativa da gastronomía galega, xa que existe case toda a variedade de ingredientes que se dan no resto do noso país.

Sen lugar a dúbidas, os pratos máis demandados nos restaurantes locais son aqueles que se elaboran con produtos do mar. A súa extraordinaria calidade e un prezo relativamente accesible fan que a inmensa maioría dos visitantes soliciten menús que conteñan estes ingredientes.

Agás as ostras e vieiras, procedentes das Rías Baixas, temos aquí todo tipo de mariscos. De todos eles, o máis atractivo para os comensais son **os percebes**, un marisco abundante na nosa costa e de calidade suprema.

O prezo que acada esta especie no mercado en certos momentos do ano resulta comprensible cando se coñece o perigo que supón a súa extracción das rochas. A preparación resulta moi sinxela, con cocelos en auga con sal ou de mar, xa chega. No mes de xullo celébrase unha festa de exaltación deste apreciado marisco na vila de Corme.

se puede considerar como una muestra representativa de la gastronomía gallega, ya que existe casi toda la variedad de ingredientes que se dan en el resto de nuestro país.

Sin lugar a dudas, los platos más demandados en los restaurantes locales son aquellos que se elaboran con productos del mar. Su extraordinaria calidad y un precio relativamente accesible hacen que la inmensa mayoría de los visitantes soliciten menús que contengan estos ingredientes.

Excepto las ostras y vieiras, procedentes de As Rías Baixas, tenemos aquí todo tipo de mariscos. De todos ellos, el más atractivo para los comensales son los **percebes**, un marisco abundante en nuestra costa y de calidad suprema.

El precio que alcanza esta especie en el mercado en ciertos momentos del año resulta comprensible cuando se conoce el peligro que supone su extracción de las rocas. La preparación resulta muy sencilla, con cocerlos en agua con sal o de mar, ya llega. En el mes de julio se celebra una fiesta de exaltación de este apreciado marisco en la villa de Corme.

Pero se o percebe se considera o marisco rei desta costa, as nécoras, centolas, bois, lagostas, lumbrigantes ou camaróns, aínda que hoxe escasean, en tempos atrás eran moi abundantes en todo este litoral. Na cociña tradicional a preparación destes mariscos non precisaba ningún tipo de receita, simplemente se comían cocidos en auga con sal. Con algúns coma a lagosta ou o boi, facíase tamén salpicón. Na cociña actual hai máis maneiras de cociñalos. A **lagosta** e o **lumbrigante** poden facerse á prancha, este último preparado con arroz ofrece un dos pratos de maior aceptación.
Os mariscos de cuncha, como berberechos, ameixas, navallas ou longueiróns, teñen tamén unha destacada presenza nas rías de Corcubión, Camariñas e Laxe.

Os **berberechos**, como ben dicía Alvaro Cunqueiro, crúos son como mellor se aprecia o seu sabor natural a mar. Pero tamén están moi apetitosos abertos ao vapor, con arroz ou en empanada. A **ameixa**, coma no resto de Galicia, prepárase con salsa á mariñeira, pero tamén abertas ao vapor, con polbo, á prancha, con fabas ou con fideos.

Pero si el percebe se considera el marisco rey de esta costa, las nécoras, centollos, bueyes, langostas, bogavantes o camarones, aunque hoy escasean, en tiempos atrás eran muy abundantes en todo este litoral. En la cocina tradicional la preparación de estos mariscos no precisaba ningún tipo de receta, simplemente se comían cocidos en agua con sal. Con algunos como la langosta o el buey, se hacía también salpicón. En la cocina actual hay más maneras de cocinarlos. La **langosta** y el **bogavante** pueden hacerse a la plancha, este último preparado con arroz ofrece uno de los platos de mayor aceptación.

Los mariscos de concha, como berberechos, almejas, navajas o *longueróns,* tienen también una destacada presencia en las rías de Corcubión, Camariñas y Laxe.

Los **berberecho**s, como bien decía Alvaro Cunqueiro, crudos son como mejor se aprecia su sabor natural a mar. Pero también están muy apetitosos abiertos al vapor, con arroz o en empanada. La **almeja**, como en el resto de Galicia, se prepara con salsa a la marinera, pero también abiertas al vapor, con pulpo, a la plancha, con alubias o con fideos.



Preparación de polbo á feira

Os **longueiróns** e as **navallas** son outros mariscos que están a ter moita demanda. Case non se diferenza un do outro. A navalla ten a cuncha algo curvada e máis curta que o longueirón. Como máis a miúdo se presentan na mesa é á prancha e cunhas pingas de aceite de oliva, pero tamén se poden elaborar en empanada. Na vila de Fisterra, polo mes de agosto faise a **Festa do Longueirón**.

O **polbo** representa unha das especies máis atractivas do noso litoral. A maneira máis tradicional de presentarse segue sendo á feira, é dicir, cocido, servido en pratos de madeira, ao que se lle engade sal, aceite de oliva e pemento. Nos últimos anos cocíñase de

Los ***longueiróns*** y las **navajas** son otros mariscos que tienen mucha demanda. Casi no se diferencia uno del otro. La navaja tiene la concha algo curvada y más corta que el *longueirón*. Como más a menudo se presentan en la mesa es a la plancha y con unas gotas de aceite de oliva, pero también se pueden elaborar en empanada. En la villa de Fisterra, por el mes de agosto se celebra la **Festa do Longueirón**.

El **pulpo** representa una de las especies más atractivas de nuestro litoral. La forma más tradicional de presentarse sigue siendo a *feira*, es decir, cocido, servido en platos de madera, al que se le añade sal, aceite de oliva y pementón. En los últimos

moitas outras formas: á prancha, en empanada, con ameixas etc.

Outro dos cefalópodos de gran calidade gastronómica é a **lura**, sobre todo a que se pesca con poteira. Unha forma moi saborosa de preparala é na súa borra, acompañada de arroz, pero tamén se poden presentar fritidas ou enceboladas.

A variedade de peixes é tan abundante que resulta difícil expoñer unha enumeración de todas as especies que se consomen: rodaballo, linguado, mero, pescada, ollomol, abadexo, robaliza, congro, pinto, maragota, sardiña, xarda e xurelo son as máis coñecidas. A **caldeirada**, prato que inventaron os propios homes do mar, é como máis a miúdo se prepara o peixe. O **mero**, a **raia**, a **pescada**, o **congro**, o **escarapote**, o **pinto**, a **maragota** ou **abadexo** son as especies máis propias para preparar este prato. O seu segredo, ademais da boa calidade do peixe, está en salgalo unhas horas antes de cocelo e na allada que se lle faga. En calquera dos nosos portos pesqueiros pódense tomar excelentes caldeiradas. Os peixes planos, coma o **rodaballo** ou o **linguado**, como mellor están é á prancha ou á brasa.

años se cocina de muchas otras formas: a la plancha, en empanada, con almejas etc.

Otro de los cefalópodos de gran calidad gastronómica es el **calamar**, sobre todo el que se pesca con potera. Una forma muy sabrosa de prepararlo es en su tinta, acompañado de arroz, pero también se pueden presentar fritos o encebolladas.

La variedad de pescados es tan abundante que resulta difícil exponer una enumeración de todas las especies que se consumen: rodaballo, lenguado, mero, merluza, besugo, abadejo, lubina, congrio, pinto, maragota, sardina, caballa y jurel son las más conocidas. La ***caldeirada***, plato que inventaron los propios hombres del mar, es como más a menudo se prepara el pescado. El **mero**, la **raya**, la **merluza**, el **congrio**, el **cabracho**, el **pinto**, la **maragota** o **abadejo** son las especies más comunes para preparar este plato. Su secreto, además de la buena calidad del pescado, está en salarlo unas horas antes de cocerlo y en la ajada que se le haga. En cualquiera de nuestros puertos pesqueros se pueden tomar excelentes *caldeiradas*. Los pescados planos, como el **rodaballo** o el **lenguado**, como mejor están es a la plancha o a la brasa.



Prato de caldeirada de peixe

Hai tamén peixes, como a robaliza, a pescada, o sargo e outras especies que se cociñan á prancha ou á brasa e se presentan na mesa sen espiñas e con aceite de oliva e unhas patacas en branco.

Un dos pratos máis apetecibles en todo o noso litoral nos meses de verán son as **sardiñas** asadas. Á tardiña, ao pasear por calquera das nosas vilas costeiras, resulta doado percibir o seu atractivo recendo. Hai bares ou restaurantes da zona portuaria que nos ofrecen este prato, que, acompañado cun bo pan e uns cachelos, resulta un manxar. Arredor dunha sardiñada, celébranse moitas das nosas festas tradicionais.

Hay también pescados, como la lubina, la merluza, el sargo y otras especies que se cocinan a la plancha o a la brasa y se presentan en la mesa sin espinas y con aceite de oliva y unas patatas en blanco.

Uno de los platos más apetecibles en todo nuestro litoral en los meses de verano son las **sardinas** asadas. Al atardecer, al pasear por cualquiera de nuestras villas costeras, resulta fácil percibir su atractivo aroma. Hay bares o restaurantes de la zona portuaria que nos ofrecen este plato, que, acompañado con un buen pan y unos cachelos, resulta un manjar. Alrededor de una *sardiñada*, se celebran muchas de nuestras fiestas tradicionales.

A sardiña pequena ou **xouba** prepárase fritida, en caldeirada ou en empanada, esta última, elaborada con masa de fariña de millo, resulta un dos pratos máis típicos da nosa cociña tradicional. Asados ou á prancha tamén están moi saborosos os **xurelos** e as **xardas**, peixes humildes pero cun sabor atractivo e un gran valor nutricional. A xarda afumada ou á prancha tamén resulta gustosa.

Hai outros produtos do mar que nos últimos anos se están incorporando á cociña con gran éxito como as **algas** ou os **ourizos**. Estes, preparados en forma de paté ou de salsa, apórtanlle un característico sabor a mar aos pratos.

As algas son abundantes no litoral da Costa da Morte, unha vez recollidas e secas, vendíanse para elaborar produtos diversos. Nos últimos anos, pola influencia da cociña de países orientais como Xapón, China ou Corea e tamén polo cambio de hábitos alimentarios, estanse a incorporar á nosa cociña, polo seu baixo aporte calórico e o alto contido en fibra e minerais. Existen moitas maneiras de preparalas segundo o tipo de algas que sexan. Como acompañamento ou gornición de varios pratos,

La sardina pequeña o **xouba** se prepara frita, en *caldeirada* o en empanada, esta última, elaborada con masa de harina de maíz, resulta uno de los platos más típicos de nuestra cocina tradicional. Asados o a la plancha también están muy sabrosos los jureles y las caballas, pescados humildes pero con un sabor atractivo y un gran valor nutricional. La caballa ahumada o a la plancha también resulta gustosa.

Hay otros productos del mar que en los últimos años se están incorporando a la cocina con gran éxito como las **algas** o los **erizos**. Estos, preparados en forma de paté o de salsa, le aportan un característico sabor a mar a los platos.

Las algas son abundantes en el litoral de A Costa da Morte, una vez recogidas y secas, se vendían para elaborar productos diversos. En los últimos años, por la influencia de la cocina de países orientales como Japón, China o Corea y también por el cambio de hábitos alimentarios, se están incorporando a nuestra cocina, por su bajo aporte calórico y el alto contenido en fibra y minerales. Existen muchas maneras de prepararlas según el tipo de algas que sean. Como acompañamiento o guarnición de varios platos,

en ensaladas, salteadas de verduras, con arroz, en sopas ou caldos etc.

Se os menús preparados con ingredientes de mar constitúen os mellores pratos da cociña desta nosa rexión, as **carne**s, as **verduras** e as **hortalizas** son produtos abundantes e de moi boa calidade. En calquera restaurante temos a posibilidade de degustar exquisitos pratos preparados a base de carne.

Debido á influencia dos nosos emigrantes de Sudamérica, son abundantes os restaurantes que preparan a carne á grella. Moi demandado tamén é o solombo de tenreira ou porco á brasa e as costeletas de año ou tenreira. O prato tradicional de tenreira asada está presente tamén en moitas das cartas, pero a súa demanda é menor que en épocas pasadas. Outros pratos de carne de boa calidade son o galo de curral e o año.

Os callos, constitúen un dos pratos máis tradicionais das nosas festas e feiras. O primeiro día das festas de San Cristovo de Carnés, celébrase a **Faguía**, unha comida que naceu a comezos do século XVI trala fundación da confraría do patrón desta parroquia vimiancesa e que

en ensaladas, salteadas de verduras, con arroz, en sopas o caldos etc.

Si los menús preparados con ingredientes de mar constituyen los mejores platos de la cocina de esta nuestra región, las **carnes**, las **verduras** y las **hortalizas** son productos abundantes y de muy buena calidad. En cualquier restaurante tenemos la posibilidad de degustar exquisitos platos preparados a base de carne.

Debido a la influencia de nuestros emigrantes de Sudamérica, son abundantes los restaurantes que preparan la carne a la parrilla. Muy demandado también es el solomillo de ternera o cerdo a la brasa y las chuletas de cordero o ternera. El plato tradicional de ternera asada está presente también en muchas de las cartas, pero su demanda es menor que en épocas pasadas. Otros platos de carne de buena calidad son el gallo de corral y el cordero.

Los callos, constituyen uno de los platos más tradicionales de nuestras fiestas y ferias. El primer día de las fiestas de San Cristovo de Carnés, se celebra a **Faguía**, una comida que nació a comienzos del siglo XVI tras la fundación de la cofradía del patrón de esta



Celebración da Faguía de Carnés (Vimianzo)

actualmente consiste en repartir callos a todos os asistentes.

En tempo de inverno, sobre todo cando se achega a festa do Entroido, os nosos restaurantes ofrecen os típicos pratos de **cocido galego** ou de **lacón con grelos**, menús consistentes para combater o frío nesta época do ano. Hai casas de comidas ou restaurantes especializados nestes menús que se ofertan sobre todo para grupos.

Nos últimos anos os restaurantes están adaptando os seus pratos aos cambios de hábitos alimentarios que se están a producir na sociedade actual, que se caracterizan sobre todo por un maior consumo de verduras e hortalizas.

parroquia vimiancesa y que actualmente consiste en repartir callos a todos los asistentes.

En tiempo de invierno, sobre todo cuando se acerca la fiesta del Carnaval, nuestros restaurantes ofrecen los típicos platos de **cocido gallego** o de **lacón con grelos**, menús consistentes para combatir el frío en esta época del año. Hay casas de comidas o restaurantes especializados en estos menús que se ofertan sobre todo para grupos.

En los últimos años los restaurantes están adaptando sus platos a los cambios de hábitos alimentarios que se están produciendo en la sociedad actual, que se caracterizan sobre todo por un mayor consumo de verduras y hortalizas.

As terras da Costa da Morte, sobre todo as comarcas de Bergantiños e Soneira, presentan boas condicións para o cultivo destes produtos e para a práctica dunha agricultura ecolóxica que cada vez acada unha maior demanda entre os consumidores. Os vales costeiros da nosa rexión teñen tradición de producir hortalizas e verduras de boa calidade, como os de Baldaio (Carballo), Barizo (Malpica), Traba (Laxe) ou Merexo (Muxía), que antigamente producían gran cantidade de allos e cebolas que se exportaban para outras zonas de Galicia e de fóra. Pero existen outros vales de interior con terras de boa calidade para o cultivo de horta que poderían abastecer os restaurantes da zona con estes produtos de proximidade.

Comprobamos como nas cartas dos establecementos hostaleiros se incorporan cada vez máis pratos de ensaladas de todo tipo tanto frías como mornas, e tamén verduras, como verzas ou grelos que acompañan moitos dos menús.

A nosa **pataca** tamén resulta de excelente calidade tanto a variedade autóctona fina de Carballo como outras especies de fóra que se adaptaron

Las tierras de A Costa da Morte, sobre todo las comarcas de Bergantiños y Soneira, presentan buenas condiciones para el cultivo de estos productos y para la práctica de una agricultura ecológica que cada vez alcanza una mayor demanda entre los consumidores. Los valles costeros de nuestra región tienen tradición de producir hortalizas y verduras de buena calidad, como los de Baldaio (Carballo), Barizo (Malpica), Traba (Laxe) o Merexo (Muxía), que antiguamente producían gran cantidad de ajos y cebollas que se exportaban para otras zonas de Galicia y de fuera. Pero existen otros valles de interior con tierras de buena calidad para el cultivo de huerta que podrían abastecer los restaurantes de la zona con estos productos de proximidad.

Comprobamos como en las cartas de los establecimientos hosteleros se incorporan cada vez más platos de ensaladas de todo tipo tanto frías como calientes, y también verduras, como berzas o grelos que acompañan muchos de los menús.

Nuestra **patata** también resulta de excelente calidad tanto la variedad autóctona fina de Carballo como otras especies de fuera que se adaptaron perfectamente



A Festa da Pataca de Coristanco ten moita tradición entre as celebracións gastrómicas da Costa da Morte

perfectamente a estas terras. Ten sona a pataca de Coristanco, onde se celebra a **Festa da Pataca**, unha importante exaltación deste tubérculo.

As **fabas** de Bergantiños e da Terra de Soneira son de excelente calidade e comercialízanse nas feiras de Carballo, Baio e Ponteceso. Neste último concello organízase a denominada **Feira das Fabas** a finais do mes de outubro, que xa data do ano 1990.

Nas hortas tamén se dan ben algunhas **froitas**, como amorodos, cereixas, mazás, peras, figos ou noces, coas que se poden elaborar variados pratos, sobre todo de sobremesa. A cerdeira

a estas tierras. Tiene fama la patata de Coristanco, donde se celebra **A Festa da Pataca**, una importante exaltación de este tubérculo.

Las **alubias** de Bergantiños y de A Terra de Soneira son de excelente calidad y se comercializan en las ferias de Carballo, Baio y Ponteceso. En este último ayuntamiento se organiza la denominada **Feira das Fabas** a finales del mes de octubre, que ya data del año 1990.

En las huertas también se dan bien algunas **frutas**, como fresas, cerezas, manzanas, peras, higos o nueces, con las que se pueden elaborar variados platos, sobre todo de postre. El cerezo es un árbol

é unha árbore delicada, á que lle afecta moito a contaminación ambiental, por iso nos últimos anos a produción descendeu moito, pero antigamente no val do Anllóns esta froita era abundante. Nas feiras de Carballo e Paiosaco, cando era a época, dábaselle saída comercial a esta produción. O primeiro domingo do mes de xullo en Paiosaco celébrase a **Feira das Cereixas**, un evento festivo en lembranza da abundancia desta froita en tempos pasados.

As **sobremesas** que podemos degustar nos diferentes establecementos hostaleiros son moi diversas. Hai unhas que se ofertan en certas épocas do ano como son as filloas e as orellas, propias da festa do Entroido e que acaen moi ben co cocido ou co lacón con grelos. Outras eran típicas das festas tradicionais, como o queixo con marmelo, o arroz con leite, o pan de ovo, o biscoito, o brazo de xitana ou diferentes tipos de tortas. Non obstante, a gran maioría das sobremesas que se presentan nas cartas son de elaboración propia de cada restaurante. Variada tamén é a carta de viños que se ofrece tanto galegos coma doutras zonas vinícolas e que cada quen deberá elixir segundo o menú que escolla.

delicado, al que le afecta mucho la contaminación ambiental, por eso en los últimos años la producción descendió mucho, pero antiguamente en el valle de O Anllóns esta fruta era abundante. En las ferias de Carballo y Paiosaco, cuando era la época, se le daba salida comercial a esta producción. El primer domingo del mes de julio en Paiosaco se celebra **A Feira das Cereixas**, un evento festivo en recuerdo de la abundancia de esta fruta en tiempos pasados.

Los **postres** que podemos degustar en los diferentes establecimientos hosteleros son muy diversos. Hay unos que se ofertan en ciertas épocas del año como son las filloas y las orejas, propias de la fiesta del Carnaval y que combinan muy bien con el cocido o con el lacón con grelos. Otros eran típicos de las fiestas tradicionales, como el queso con membrillo, el arroz con leche, el pan de huevo, el bizcocho, el brazo de gitana o diferentes tipos de tartas. No obstante, la gran mayoría de los postres que se presentan en las cartas son de elaboración propia de cada restaurante. Variada también es la carta de vinos que se ofrece tanto gallegos como de otras zonas vinícolas y que cada quien deberá elegir según el menú que escoja.

06 RUTAS PARA COÑECER A COSTA DA MORTE

RUTAS PARA CONOCER A COSTA DA MORTE



Para coñecer con detalle un territorio tan amplo como A Costa da Morte de máis de 1500 km^2 e 300 km de litoral, cheo de espazos naturais, de patrimonio histórico, etnográfico e cultural, precisariamos moitas xornadas de viaxe en coche e moitas rutas a pé para achegarnos a todos eses centros de interese distribuídos por toda esta rexión.

Con esta proposta de rutas o que se pretende é realizar un primeiro achegamento a aqueles sitios máis relevantes, imprescindibles para facernos unha idea da paisaxe, da historia e da xente que habita estas terras máis occidentais da península ibérica, e, polo tanto, do continente europeo, para que logo todos aqueles que desexen afondar máis no seu coñecemento o fagan cunha maior miudeza e se centren naqueles aspectos que máis lles poidan atraer.

Sabemos que cada viaxeiro ten uns intereses persoais, moi difíciles de satisfacer nunha proposta dirixida a un público amplo como pretende ser esta, pero do que se trata é de presentar un conxunto de itinerarios atractivos e logo que cada quen elixa aquelas visitas que cumpran mellor as súas expectativas.

Para conocer con detalle un territorio tan amplio como A Costa da Morte de más de 1500 km^2 y 300 km de litoral, lleno de espacios naturales, de patrimonio histórico, etnográfico y cultural, precisaríamos muchas jornadas de viaje en coche y muchas rutas a pie para acercarnos a todos esos centros de interés distribuidos por toda esta región.

Con esta propuesta de rutas lo que se pretende es realizar un primer acercamiento a aquellos sitios más relevantes, imprescindibles para hacernos una idea del paisaje, de la historia y de la gente que habita estas tierras más occidentales de la península ibérica, y, por lo tanto, del continente europeo, para que luego todos aquellos que deseen ahondar más en su conocimiento lo hagan con un mayor detalle y se centren en aquellos aspectos que más les puedan atraer.

Sabemos que cada viajero tiene unos intereses personales, muy difíciles de satisfacer en una propuesta dirigida a un público amplio como pretende ser esta, pero de lo que se trata es de presentar un conjunto de itinerarios atractivos y luego que cada quien elija aquellas visitas que cumplan mejor sus expectativas.

Por iso a oferta de rutas que se propoñe nesta guía pretende ser orientativa e o máis aberta posible para que o excursionista configure o seu propio percorrido segundo o seu gusto. Na medida do posible, trázanse rutas circulares, de xeito que o viaxeiro se poida incorporar a elas en calquera dos puntos das mesmas, aínda que algunha non permite esta opción e terá que realizarse o camiño de ida e de volta pola mesma vía.

Dividimos o territorio da Costa da Morte en cinco grandes rutas para realizar utilizando un vehículo, que parten de vilas costeiras, por seren estas onde se concentra o maior número de visitantes, outorgándolle deste xeito prioridade á zona litoral porque esperta un maior interese para os viaxeiros, aínda que tamén se visiten todos aqueles lugares do interior que destaquen polo seu valor patrimonial. Cada unha destas rutas está pensada para dedicarlle unha xornada. Tamén se ofrece unha proposta de rutas a pé, tanto de curto como de longo percorrido.

Por eso la oferta de rutas que se propone en esta guía pretende ser orientativa y lo más abierta posible para que el excursionista configure su propio recorrido según su gusto. En la medida de lo posible, se trazan rutas circulares, de manera que el viajero se pueda incorporar a ellas en cualquiera de los puntos de las mismas, aunque alguna no permite esta opción y tendrá que realizarse el camino de ida y de vuelta por la misma vía.

Dividimos el territorio de A Costa da Morte en cinco grandes rutas para realizar utilizando un vehículo, que parten de villas costeras, por ser estas donde se concentra el mayor número de visitantes, otorgándole de este modo prioridad a la zona litoral porque despierta un mayor interese para los viajeros, aunque también se visiten todos aquellos lugares del interior que destaquen por su valor patrimonial. Cada una de estas rutas está pensada para dedicarle una jornada. También se ofrece una propuesta de rutas a pie, tanto de corto como de largo recorrido.

> RUTAS EN COCHE

RUTA 1
FISTERRA-MUXÍA

Comezamos esta primeira ruta en Fisterra, o lugar máis coñecido e visitado de toda a Costa da Morte e o que ningún viaxeiro que se achegue a estas terras máis occidentais pode deixar de visitar. Son varios os espazos a ver relacionados con este emblemático topónimo: a vila de Fisterra, a igrexa parroquial de Santa María das Areas, o cabo e faro Fisterra e o monte Facho.

> Vila de Fisterra

Historia
As boas condicións que ofrece a zona costeira na que se asenta a actual vila de Fisterra determinaron que estivese habitada desde tempos prehistóricos, aínda que carecemos de datos para confirmalo. A vila formouse no medievo para aproveitar os recursos que ofrecía o mar tanto relacionados coa a pesca como coas as actividades comerciais.

Desde finais do século XIII, ata finais do seguinte, esta vila mariñeira pertenceu aos Mariño, unha familia nobre con abundantes posesións nestas terras occidentais. Un dos seus membros, Vasco Pérez Mariño, chegou a ser

> RUTAS EN COCHE

RUTA 1
FISTERRA-MUXÍA

Comenzamos esta primera ruta en Fisterra, el lugar más conocido y visitado de toda A Costa da Morte y el que ningún viajero que se acerque a estas tierras más occidentales puede dejar de visitar. Son varios los espacios a ver relacionados con este emblemático topónimo: la villa de Fisterra, la iglesia parroquial de Santa María das Areas, el cabo y faro Fisterra y el monte Facho.

> Villa de Fisterra

Historia
Las buenas condiciones que ofrece la zona costera en la que se asienta la actual villa de Fisterra determinaron que estuviera habitada desde tiempos prehistóricos, aunque carecemos de datos para confirmarlo. La villa se formó en el medievo para aprovechar los recursos que ofrecía el mar tanto relacionados con la pesca como con las actividades comerciales.

Desde finales del siglo XIII, hasta finales del siguiente, esta villa marinera perteneció a los Mariño, una familia noble con abundantes posesiones en estas tierras occidentales. Uno de sus miembros, Vasco Pérez


RUTA 1
FISTERRA-MUXÍA
N
O
L
S
Camelle
CAMARIÑAS
Ponte
do Porto
Cereixo
Camariñas
Praia
do Lago
Santuario
Virxe da Barca
Muxía
Punta
da Buitra
Os Muíños
Quintáns
Moraime
Ozón
Cabo
Touriñán
MUXÍA
Casota
de Freán
Trasufre
Praia
de Nemiña
A Pereiriña
Lires
CEE
DUMBRÍ
Corcubión
Cee
FISTERRA
CORCUBIÓN
Sardiñeiro
Fisterra
O Pindo
Cabo Fisterra
C-550
Illas Lobeiras



A vila de Fisterra polos anos 30 do pasado século (R. Caamaño)

bispo de Ourense, o que explica que a vila fisterrá pertencese ao cabido ourensán. Máis tarde, a través dun intercambio entre o arcebispo compostelán e o cabido daquela cidade, Fisterra pasou ao poder da mitra compostelá, dominio que se prolongará durante varios séculos.

A mediados do século XVI, ademais da igrexa parroquial de Santa María das Areas, situada nas aforas do núcleo urbano, había en Fisterra tres ermidas: a de San Guillerme, na aba do monte que leva este nome; a de santa Catalina, situada na rúa con esta denominación; e a de San Roque, á entrada do núcleo urbano, preto do cruceiro da Cruz de Baixar. Existía tamén un hospital de peregrinos fronte á

Mariño, llegó a ser obispo de Ourense, lo que explica que la villa fisterrana perteneciera al cabildo orensano. Más tarde, a través de un intercambio entre el arzobispo compostelano y el cabildo de aquella ciudad, Fisterra pasó al poder de la mitra compostelana, dominio que se prolongará durante varios siglos.

A mediados del siglo XVI, además de la iglesia parroquial de Santa María das Areas, situada en las afueras del núcleo urbano, había en Fisterra tres ermitas: la de San Guillerme, en la ladera del monte que lleva este nombre; la de Santa Catalina, situada en la calle con esta denominación; y la de San Roque, a la entrada del núcleo urbano, cerca del crucero de A Cruz de Baixar. Existía también un hospital de peregrinos frente a la

parroquial, fundado polo párroco Alonso García no ano 1469.

Desde a Idade Media a vila fisterrá sufriu as invasións da piratería estranxeira, primeiro de normandos e musulmáns e despois, de ingleses e franceses. No 1552, piratas franceses atacan Fisterra e saquean a ermida de San Guillerme e dise que levaron o seu corpo e un relicario no que se gardaba un brazo deste santo que había na igrexa parroquial, así o recolle o cardeal Del Hoyo nas súas *Memorias* a comezos do século XVII, quen, ademais, nos conta que a poboación desta localidade mariñeira era moi pobre e as súas casas foran queimadas en varias ocasións, que contaba con sesenta veciños e todos eles se dedicaban á pesca.

No ano 1809, Fisterra sofre a invasión das tropas francesas, que ademais de saquear a vila, incendiaron o castelo de San Carlos. Moitos veciños, ante a imposibilidade de facerlle fronte aos invasores, decidiron subir a bordo de embarcacións e protexerse no interior da ría.

A comezos do século XX, Fisterra era xa unha vila grande con máis de dous mil habitantes, que vivía da pesca, que tiña como

parroquial, fundado por el párroco Alonso García en el año 1469.

Desde la Edad Media la villa fisterrana sufrió las invasiones de la piratería extranjera, primero de normandos y musulmanes y después, de ingleses y franceses. En el 1552, piratas franceses atacan Fisterra y saquean la ermita de San Guillerme y se dice que llevaron su cuerpo y un relicario en el que se guardaba un brazo de este santo que había en la iglesia parroquial, así lo recoge el cardenal Del Hoyo en sus *Memorias* a comienzos del siglo XVII, quien, además, nos cuenta que la población de esta localidad marinera era muy pobre y sus casas habían sido quemadas en varias ocasiones, que contaba con sesenta vecinos y todos ellos se dedicaban a la pesca.

En el año 1809, Fisterra sufre la invasión de las tropas francesas, que además de saquear la villa, incendiaron el castillo de San Carlos. Muchos vecinos, ante la imposibilidad de hacerle frente a los invasores, decidieron subir a bordo de embarcaciones y protegerse en el interior de la ría.

A comienzos del siglo XX, Fisterra era ya una villa grande con más de dos mil habitantes, que vivía de

embarcadoiro a praia da Ribeira ou a de Calafigueira. Dispoñía de fábricas de salgadura, un variado comercio, sociedade recreativa e Pósito de pescadores.

As casas máis antigas situábanse entorno ao areal da Ribeira que cumpría a función de porto natural. O núcleo urbano configurábase en dous barrios: o máis antigo, coñecido como Cabo da Xesta, que tiña como vía principal a que parte da praciña Ara Solis e vai dar á praza da Constitución e logo continúa pola rúa Real, e o denominado Cabo da Vila, barrio máis moderno, que ten como arteria principal a rúa Santa Catalina, que conduce ao concello e ao final do núcleo. Ambos os dous separados antigamente polo regato Mixirica, actualmente canalizado, onde se sitúa a rúa Federico Ávila, arteria principal pola que se accede ao porto.

Polos anos vinte deste mesmo século Carré Aldao descríbenos Fisterra como unha vila con rúas regulares e casas de boa construción, ao contrario de como a percibe o viaxeiro inglés Aubrey F. G. Bell, que nos di que as súas casas parecen miserables e as rúas descoidadas, cheas de lixo.

la pesca, que tenía como embarcadero la playa de A Ribeira o la de Calafigueira. Disponía de fábricas de salazón, un variado comercio, sociedad recreativa y Pósito de pescadores.

Las casas más antiguas se situaban entorno al arenal de A Ribeira que cumplía la función de puerto natural. El núcleo urbano se configuraba en dos barrios: el más antiguo, conocido como Cabo da Xesta, que tenía como vía principal la que parte de la placita Ara Solis y va a dar a la plaza de la Constitución y luego continúa por la calle Real, y el denominado Cabo da Vila, barrio más moderno, que tiene como arteria principal la calle Santa Catalina, que conduce al ayuntamiento y al final del núcleo. Ambos separados antiguamente por el regato Mixirica, actualmente canalizado, donde se sitúa la calle Federico Ávila, arteria principal por la que se accede al puerto.

Por los años veinte de este mismo siglo Carré Aldao nos describen Fisterra como una villa con calles regulares y casas de buena construcción, al contrario de como la percibe el viajero inglés Aubrey F. G. Bell, que nos dice que sus casas parecen miserables y las calles descuidadas, llenas de basura.



A Fisterra actual é moi diferente á de hai cen anos

A Fisterra actual é moi distinta a esa que se nos describe hai cen anos, aínda que conserva boa parte da estrutura antiga, a maioría das súas casas son de nova construción ou reformadas. Onde o cambio se percibe con maior intensidade é na zona portuaria, lugar no que se concentra a actividade económica relacionada coa pesca e o sector turístico. O edificio que máis nos impacta é a nova lonxa, obra do arquitecto Juan Creus, onde a diario se poxan as capturas da flota pesqueira.

• **Ruta a pé pola vila**
Iniciamos este percorrido urbano, precisamente, na **explanada portuaria** e emprendemos unha ruta a pé que nos leva a

A Fisterra actual es muy distinta a esa que se nos describe hace cien años, aunque conserva buena parte de la estructura antigua, la mayoría de sus casas son de nueva construcción o reformadas. Donde el cambio se percibe con mayor intensidad es en la zona portuaria, lugar en el que se concentra la actividad económica relacionada con la pesca y el sector turístico. El edificio que más nos impacta es la nueva lonja, obra del arquitecto Juan Creus, donde a diario se subastan las capturas de la flota pesquera.

• **Ruta a pie por la villa**
Iniciamos este recorrido urbano, precisamente, en la **explanada portuaria** y emprendemos una ruta a

coñecer esta vila mariñeira. Un paseo polo peirao permitiranos contemplar as instalacións portuarias, as embarcacións que enchen de colorido as augas do porto e os múltiples establecementos hostaleiros coas súas terrazas. Na ampla chanceira do peirao sitúase a **lonxa**, un edificio moderno, arredor do que se move toda a actividade pesqueira. Nesta mesma zona chama a atención unha enorme **áncora** pintada de negro. Se nos achegamos a ela vemos que fai referencia ao naufraxio do *Casón*, barco de bandeira panameña, que embarrancou en 1987 nesta costa e que sementou o pánico entre os habitantes da zona pola perigosa carga que transportaba.

Detrás do porto sitúase a **praia da Ribeira**, unha pequena cala que en tempos pasados facía de embarcadoiro, convertida no presente en praia urbana. Rodeando este pequeno e protexido areal, situábanse as casas máis antigas da vila, das que apenas quedan vestixios. Unha das poucas que se conservan destaca por ter a entrada en arco apuntado, que lembra a Fisterra medieval. No extremo sur desta pequena cala levántase sobre o acantilado o **castelo de**

pie que nos lleva a conocer esta villa marinera. Un paseo por el muelle nos permitirá contemplar las instalaciones portuarias, las embarcaciones que llenan de colorido las aguas del puerto y los múltiples establecimientos hosteleros con sus terrazas. En la amplia planicie del muelle se sitúa la lonja, un edificio moderno, alrededor del que se mueve toda la actividad pesquera. En esta misma zona llama la atención una enorme ancla pintada de negro. Si nos acercamos a ella vemos que hace referencia al naufragio del *Casón*, barco de bandera panameña, que embarrancó en 1987 en esta costa y que sembró el pánico entre los habitantes de la zona por la peligrosa carga que transportaba.

Detrás del puerto se sitúa **la playa de A Ribeira**, una pequeña cala que en tiempos pasados hacía de embarcadero, convertida en el presente en playa urbana. Rodeando este pequeño y protegido arenal, se situaban las casas más antiguas de la villa, de las que apenas quedan vestigios. Una de las pocas que se conservan destaca por tener la entrada en arco apuntado, que recuerda a Fisterra medieval. En el extremo sur de esta pequeña cala se levanta sobre el acantilado el



Praia da Ribeira e castelo de San Carlos, á esquerda

San Carlos, unha das catro fortalezas que os Borbóns ordenaron construír para a defensa desta costa a mediados do século XVIII, baixo os planos do enxeñeiro francés Carlos Lemaur. A forma irregular do seu perímetro está motivada pola base rochosa sobre a que se asenta.

As troneiras oriéntanse en tres direccións: cabo Fisterra, centro da ría e o propio núcleo urbano. No seu interior dispoñía dunha nave para albergar unha pequena tropa. Durante a invasión francesa foi arrasado. A finais do século XIX pasou a ser propiedade do empresario fisterrá, asentado en Corcubión, Plácido Castro Rivas, quen lle cederá o edificio ao concello de Fisterra coa finalidade de que se crease

castillo de San Carlos, una de las cuatro fortalezas que los Borbones ordenaron construir para la defensa de esta costa a mediados del siglo XVIII, bajo los planos del ingeniero francés Carlos Lemaur. La forma irregular de su perímetro está motivada por la base rocosa sobre la que se asienta.

Las troneras se orientan en tres direcciones: cabo Fisterra, centro de la ría y el propio núcleo urbano. En su interior disponía de una nave para albergar una pequeña tropa. Durante la invasión francesa fue arrasado. A finales del siglo XIX pasó a ser propiedad del empresario fisterrano, asentado en Corcubión, Plácido Castro Rivas, quien le cederá el edificio al ayuntamiento de Fisterra con la finalidad de que se creara una escuela,

unha escola, máis este obxectivo non se cumpriu por falta de recursos económicos. Na posguerra houbo un intento de convertelo en museo, máis tampouco se logrou. Despois de que o edificio pasase por diferentes entidades e se destinase a funcións diversas, no ano 2006, a Confraría de Pescadores conseguiu os fondos económicos para acondicionalo como **Museo de Pesca**, que abriu as súas instalacións dous anos despois. No tempo que leva aberto xa recibiu máis de 100 000 visitantes, que tiveron a posibilidade de escoitar as amenas e interesantes explicacións do seu guía Francisco Manuel López Martínez, un coñecido poeta local, que asina a súa obra baixo o pseudónimo de Alexandre Nerium. Ningún viaxeiro que se achegue a Fisterra debería deixar de visitar este pequeno, pero interesante museo.

Desde o castelo de San Carlos trasladámonos á **praza de Ara Solis**, na que destaca a **capela do Bo Suceso**, fundada polo párroco Mateo Pérez Porrúa no ano 1743, de estilo barroco, como apreciamos na súa fachada. O retablo da capela maior, tamén deste mesmo estilo, está presidido pola Virxe do Socorro. O cruceiro e a fonte

pero este objetivo no se cumplió por falta de recursos económicos. En la posguerra hubo un intento de convertirlo en museo, más tampoco se logró. Después de que el edificio pasara por diferentes entidades y se destinara a funciones diversas, en el año 2006, la Cofradía de Pescadores consiguió los fondos económicos para acondicionarlo como **Museo de Pesca**, que abrió sus instalaciones dos años después. En el tiempo que lleva abierto ya recibió más de 100 000 visitantes, que tuvieron la posibilidad de escuchar las amenas e interesantes explicaciones de su guía Francisco Manuel López Martínez, un conocido poeta local, que firma su obra bajo el seudónimo de Alexandre Nerium. Ningún viajero que se acerque a Fisterra debería dejar de visitar este pequeño, pero interesante museo.

Desde el castillo de San Carlos nos trasladamos a la **plaza de Ara Solis**, en la que destaca la **capilla del Buen Suceso**, fundada por el párroco Mateo Pérez Porrúa en el año 1743, de estilo barroco, como apreciamos en su fachada. El retablo de la capilla mayor, también de este mismo estilo, está presidido por la Virgen del Socorro. El crucero y la

que están ao seu carón complementan o conxunto.

Nesta mesma praciña hai unha casa antiga cun escudo e un reloxo solar que data de comezos do século XVII e mostra a presenza fidalga nesta vila. Continuamos a través da rúa principal e chegamos á **praza da Constitución**, centro urbano do núcleo histórico, onde se conservan algunhas casas da pequena burguesía comercial con balcón ou galería, a diferencia das vivendas mariñeiras, máis modestas. Seguimos pola rúa Real, arteria principal da vila, ata desembocar na rúa que baixa ao porto. Á esquerda, facendo esquina está o **albergue de peregrinos**, construído no ano 2001, para dar acollida aos numerosos peregrinos que se achegan a Fisterra. Se continuamos de fronte pola rúa Santa Catalina, dirixímonos á casa do Concello e á saída da vila.

Esta rúa central que atravesa o núcleo fisterrán de leste a oeste e que recibe diferentes nomes ao longo do seu trazado, correspondíase coa antiga estrada que conducía á igrexa parroquial e ao faro. Entorno a ela foise configurando o núcleo urbano e concentrando a actividade comercial, social, cultural e lúdica da

fuente que están a su lado complementan el conjunto.

En esta misma placita hay una casa antigua con un escudo y un reloj solar que data de comienzos del siglo XVII y muestra la presencia hidalga en esta villa. Continuamos a través de la calle principal y llegamos a la **plaza de la Constitución**, centro urbano del núcleo histórico, donde se conservan algunas casas de la pequeña burguesía comercial con balcón o galería, a diferencia de las viviendas marineras, más modestas. Seguimos por la calle Real, arteria principal de la villa, hasta desembocar en la calle que baja al puerto. A la izquierda, haciendo esquina está el **albergue de peregrinos**, construido en el año 2001, para dar acogida a los numerosos peregrinos que se acercan a Fisterra. Si continuamos de frente por la calle Santa Catalina, nos dirigimos a la casa del Ayuntamiento y a la salida de la villa.

Esta calle central que atraviesa el núcleo fisterrano de este a oeste y que recibe diferentes nombres a lo largo de su trazado, se correspondía con la antigua carretera que conducía a la iglesia parroquial y al faro. Entorno a ella se fue configurando el núcleo urbano y concentrando la actividad comercial,



Igrexa parroquial de Santa María das Areas

vila. Estaba atravesada en sentido transversal por rúas estreitas ou calellas que conducían á ribeira, onde se desenvolvía toda a actividade pesqueira. Trala construción da nova zona portuaria e a apertura da nova vía de comunicación co faro, a fisionomía da vila transformouse.

Igrexa parroquial de Santa María das Areas

Este templo sitúase á saída da vila de Fisterra, en dirección ao faro. O motivo de localizarse fóra do núcleo urbano e máis afastada da costa, seguramente, se deba a unha medida de protección contra os ataques da piratería marítima, frecuentes neste litoral.

social, cultural y lúdica de la villa. Estaba atravesada en sentido transversal por calles estrechas o callejas que conducían a la ribera, donde se desarrollaba toda la actividad pesquera. Tras la construcción de la nueva zona portuaria y la apertura de la nueva vía de comunicación con el faro, la fisonomía de la villa se transformó.

Iglesia parroquial de Santa María das Areas

Este templo se sitúa a la salida de la villa de Fisterra, en dirección al faro. El motivo de localizarse fuera del núcleo urbano y más alejado de la costa, seguramente, se deba a una medida de protección contra los ataques de la piratería marítima, frecuentes en este litoral.

O edificio presenta unha planta de salón, formada por unha capela maior rectangular, con bóveda de crucería e unha nave da mesma forma, cuberta con armazón de madeira e tella, dividida en catro tramos a través de arcos apuntados, apoiados sobre columnas arrimadas nos muros e reforzadas no exterior por contrafortes. O arco triunfal, tamén apuntado, sostense sobre tres semicolumnas en cada lado.

A fachada principal mostra un trazado liso, con dous contrafortes nos extremos, e como elemento decorativo, as arquivoltas románicas que delimitan a porta. Fronte a ela vemos catro arcos de medio punto sobre piares, que se levantaron para soportar o peso do pórtico, hoxe desaparecido. No extremo sur, arrimada á nave, érguese a torre campanario do século XVI.

Á estrutura primitiva de base románica, fóronselle engadindo varias construcións a ambos lados dos muros, que desfiguran a súa forma orixinal. Na parte norte, engadíuselle a **capela do santo Cristo**, a máis ampla, que consta de dous tramos: un cuadrangular e outro rectangular. Data de finais do século XVII ou comezos do XVIII, de feitura barroca.

El edificio presenta una planta de salón, formada por una capilla mayor rectangular, con bóveda de crucería y una nave de la misma forma, cubierta con entramado de madera y teja, dividida en cuatro tramos a través de arcos apuntados, apoyados sobre columnas arrimadas en los muros y reforzadas en el exterior por contrafuertes. El arco triunfal, también apuntado, se sostiene sobre tres semicolumnas en cada lado.

La fachada principal muestra un trazado liso, con dos contrafuertes en los extremos, y como elemento decorativo, las arquivoltas románicas que delimitan la puerta. Frente a ella vemos cuatro arcos de medio punto sobre pilares, que se levantaron para soportar el peso del pórtico, hoy desaparecido. En el extremo sur, arrimada a la nave, se levanta la torre campanario del siglo XVI.

A la estructura primitiva de base románica, se le fueron añadiendo varias construcciones a ambos lados de los muros, que desfiguran su forma original. En la parte norte, se le añadió la **capilla del Santo Cristo**, la más amplia, que consta de dos tramos: uno cuadrangular y otro rectangular. Data de finales del siglo XVII o comienzos del XVIII, de forma barroca. El retablo, de este mismo



Retablo do Santo Cristo

O retablo, deste mesmo estilo, incorporóuselle en 1721, esculpido polo artista santiagués Miguel de Romay. Non obstante, a imaxe do Cristo é gótica e foi doada por Vasco Pérez Mariño, natural de Fisterra e bispo de Ourense, quen doou outra semellante para a catedral ourensá.

O aspecto humano que se percibe na forma do corpo, na vestimenta e no pelo, así como as mostras de dor e sufrimento, achéganlle a esta imaxe un gran realismo, coa intención de conmover ao crente e conducilo ao arrepentimento.

Son moitas as lendas que se crearon ao redor do Santo Cristo. Desde atribuírlle propiedades humanas, como que lle medran as uñas ou o pelo, ata dicir que é obra do propio Nicodemo, o xudeu que axudara a desencravar a Cristo. Outra lenda trata de explicar a súa chegada a Fisterra a través do mar. Segundo esta foi botado nunha caixa sobre

estilo, se le incorporó en 1721, esculpido por el artista santiagués Miguel de Romay. No obstante, la imagen del Cristo es gótica y fue donada por Vasco Pérez Mariño, natural de Fisterra y obispo de Ourense, quien donó otra semejante para la catedral orensana.

El aspecto humano que se percibe en la forma del cuerpo, en el atuendo y en el pelo, así como las muestras de dolor y sufrimiento, le aportan a esta imagen un gran realismo, con la intención de conmover al creyente y conducirlo al arrepentimiento.

Son muchas las leyendas que se crearon alrededor del Santo Cristo. Desde atribuirle propiedades humanas, como que le crecen las uñas o el pelo, hasta decir que es obra del propio Nicodemo, el judío que había ayudado a desenclavar a Cristo. Otra leyenda trata de explicar su llegada a Fisterra a través del mar. Segundo esta fue arrojado en una caja sobre

as augas por un barco inglés ameazado por un forte temporal que non lle permitía partir. Despois de desprenderse da imaxe, o temporal amainou e o barco emprendeu a saída. Logo esta caixa foi recollida por uns mariñeiros fisterráns e levada á igrexa.

Ao oeste da capela do Cristo, sitúase a antiga capela do Rosario, hoxe do Carme, de estilo prateresco, fundada por María Branca en 1534. Neste mesmo muro norte ábrese unha fermosa **porta de arco mixtilíneo**, cun escudo a cada lado, na que se percibe a influencia do arquitecto Enrique Egás, autor do antigo Hospital dos Reis Católicos de Santiago.

No muro sur sobresaen a sancristía e a capela de san Miguel e das Angustías, de finais do século XV. Ademais da imaxe do Cristo, no interior teñen interese artístico a de Santa María das Areas, a patroa da parroquia, do século XVI e a de Santiago Peregrino, do século seguinte, que pon de manifesto a tradición xacobea de Fisterra.

No campo que hai na parte sur da igrexa o domingo de Pascua escenifícase a **Resurrección de Cristo**, á que acoden milleiros de romeiros. Diante dunha gruta que hai ao pé do

las aguas por un barco inglés amenazado por un fuerte temporal que no le permitía partir. Después de desprenderse de la imagen, el temporal amainó y el barco emprendió la salida. Luego esta caja fue recogida por unos marineros fisterranos y llevada a la iglesia.

Al oeste de la capilla del Cristo, se sitúa la antigua capilla del Rosario, hoy del Carme, de estilo plateresco, fundada por María Blanca en 1534. En este mismo muro norte se abre una hermosa **puerta de arco mixtilíneo**, con un escudo a cada lado, en la que se percibe la influencia del arquitecto Enrique Egás, autor del antiguo Hospital de los Reyes Católicos de Santiago.

En el muro sur sobresalen la sacristía y la capilla de San Miguel y de las Angustías, de finales del siglo XV.

Además de la imagen del Cristo, en el interior tienen interés artístico la de Santa María das Areas, la patrona de la parroquia, del siglo XVI y la de Santiago Peregrino, del siglo siguiente, que pone de manifiesto la tradición jacobea de Fisterra.

En el campo que hay en la parte sur de la iglesia el domingo de Pascua se escenifica la **Resurrección de Cristo**, a la que acuden miles de romeros. Delante

monte, celébrase o ritual. Desde a mañanciña un grupo de soldados caracterizados de romanos vixían a cova, onde supostamente se garda o corpo do Crucificado. Diante dun forte estrondo, os soldados atemorizados foxen, derrúbase a porta da cova e sae un anxo. As tres Marías, de loito e aflixidas, achéganse ao lugar e establecen unha conversa co anxo que trata de convencelas de que Xesús resucitou. Madalena comunícalle a nova á Virxe, a quen alaba. En sinal de xúbilo elévanse bandeiras, sóltanse pombas, estouran foguetes e a música comeza a soar. Un grupo de nenas vestidas de branco executan o canto da Vítima Pascual. Remata o acto co baile tradicional da Danza das Areas.

Cabo e faro de Fisterra

Unha vez rematada a visita á igrexa parroquial de Santa María das Areas, emprendemos camiño cara ao cabo e faro Fisterra. Nós recomendamos percorrer a pé estes tres quilómetros, unha ruta que nos ofrece excelentes panorámicas sobre a ría de Corcubión, o monte Pindo, que se eleva fronte a nós como un xigante granítico a carón do mar, o extenso areal que forma a praia de Carnota, e, máis ao sur, a alongada península do Barbanza

de una gruta que hay al pie del monte, se celebra el ritual. Desde la madrugada un grupo de soldados caracterizados de romanos vigilan la cueva, donde supuestamente se guarda el cuerpo del Crucificado. Ante un fuerte estruendo, los soldados atemorizados huyen, se derriba la puerta de la cueva y sale un ángel. Las tres Marías, de luto y afligidas, se acercan al lugar y establecen una conversación con el ángel que trata de convencerlas de que Jesús resucitó. Magdalena le comunica la noticia a la Virgen, a quién alaba. En señal de júbilo se elevan banderas, se sueltan palomas, explotan cohetes y la música comienza a sonar. Un grupo de niñas vestidas de blanco ejecutan el canto de la Víctima Pascual. Finaliza el acto con el baile tradicional de la Danza das Areas.

Cabo y faro de Fisterra

Una vez finalizada la visita a la iglesia parroquial de Santa María das Areas, emprendemos camino hacia el cabo y faro Fisterra. Nosotros recomendamos recorrer a pie estos tres kilómetros, una ruta que nos ofrece excelentes panorámicas sobre la ría de Corcubión, el monte Pindo, que se eleva frente a nosotros como un gigante granítico al lado del mar, el extenso arenal que forma la playa de Carnota, y, más al sur, la alargada península del



Cabo Fisterra

que remata na punta de Corrubedo.

A península que forma o **cabo Fisterra**, que penetra no mar algo máis de tres quilómetros, presenta dúas caras moi distintas: a norte, bañada polo *mar de Fóra*, é dicir, o océano aberto e temible, que bate con forza nos abruptos cantís e na praia que leva o nome dese mar; e a sur, cun mar máis maino, que mostra na praia da Langosteira a cara máis amable.

A situación desta punta no extremo occidental da península Ibérica, e, como consecuencia, do continente europeo, onde a terra chegaba ao seu fin para o mundo clásico e comezaba o inmenso océano, determinou que moita xente sentise a

Barbanza que finaliza en la punta de Corrubedo.

La península que forma el **cabo Fisterra**, que penetra en el mar algo más de tres kilómetros, presenta dos caras muy distintas: la norte, bañada por el mar de Fóra, es decir, el océano abierto y temible, que bate con fuerza en los abruptos acantilados y en la playa que lleva el nombre de ese mar; y la sur, con un mar más tranquilo, que muestra en la playa de A Langosteira la cara más amable.

La situación de esta punta en el extremo occidental de la península Ibérica, y, como consecuencia, del continente europeo, donde la tierra llegaba a su fin para el mundo clásico y comenzaba el inmenso océano, determinó que mucha gente sintiera la

curiosidade de achegarse a estas terras da fin do mundo antigo para contemplar ese mar bravío e cheo de lendas que falaban de seres monstruosos, difícil de navegar polas súas axitadas augas.

Os autores clásicos nos seus escritos sobre o occidente peninsular fan referencias a estas terras fisterrás, habitadas polos nerios. O cabo Fisterra poderíase corresponder co promontorio Nerio ou Céltico segundo recollen esas fontes antigas. Tamén hai quen sitúa nesta península fisterrá as Aras Sestianas, dedicadas ao emperador Augusto.

Na Idade Media vincúlase a Fisterra coa ruta xacobea. Na lenda sobre o traslado dos restos do Apóstolo Santiago a Galicia, recollida no *Códice Calixtino*, aparece citada a cidade lendaria de Duio, que estaría situada detrás da praia da Langosteira. Tamén a tradición cristiá vencella a Santiago como predicador por estas terras afastadas, fecundas en cultos pagáns. O Apóstolo, desesperado pola resistencia ás súas prédicas, fixo desaparecer baixo as augas esta cidade habitada por infieis, e logo canso, retírase a meditar ás pedras de Muxía. A ermida de San Guillerme,

curiosidad de acercarse a estas tierras del fin del mundo antiguo para contemplar ese mar bravío y lleno de leyendas que hablaban de seres monstruosos, difícil de navegar por sus agitadas aguas.

Los autores clásicos en sus escritos sobre el occidente peninsular hacen referencias a estas tierras fisterranas, habitadas por los nerios. El cabo Fisterra se podría corresponder con el promontorio Nerio o Céltico según recogen esas fuentes antiguas. También hay quien sitúa en esta península fisterrana las Aras Sestianas, dedicadas al emperador Augusto.

En la Edad Media se vincula a Fisterra con la ruta jacobea. En la leyenda sobre el traslado de los restos del Apóstol Santiago a Galicia, recogida en el Códice Calixtino, aparece citada la ciudad legendaria de Duio, que estaría situada detrás de la playa de A Langosteira. También la tradición cristiana vincula a Santiago como predicador por estas lejanas tierras, fecundas en cultos paganos. El Apóstol, desesperado por la resistencia a sus prédicas, hizo desaparecer bajo las aguas esta ciudad habitada por infieles, y luego cansado, se retira a meditar a las piedras de Muxía. La ermita de



Faro Fisterra

situada na aba leste do monte Facho, tamén se relaciona co culto xacobeo, pois ata aquí acudían os antigos peregrinos a redimir as penas a que eran sometidos.

No extremo do cabo Fisterra a partir do século XIX construíronse varias edificacións, entre todas elas destaca o **faro**, situado a uns 143 metros de altitude. Un edificio rectangular de dúas plantas e unha máis na parte central, pintado de branco e cos rebordes das aberturas e dos extremos en cantería. No seu interior albergaba as vivendas dos fareiros e outras dependencias para o servizo do faro. Na parte posterior sobresae a

San Guillerme, situada en la ladera este del monte Facho, también se relaciona con el culto jacobeo, pues hasta aquí acudían los antiguos peregrinos a redimir las penas a que eran sometidos.

En el extremo del cabo Fisterra a partir del siglo XIX se construyeron varias edificaciones, entre todas ellas destaca el **faro**, situado a unos 143 metros de altitud. Un edificio rectangular de dos plantas y una más en la parte central, pintado de blanco y con los resbordes de las aberturas y de los extremos en cantería. En su interior albergaba las viviendas de los fareros y otras dependencias para el servicio del faro. En la parte posterior sobresale la

torre de forma octogonal, coroada pola lanterna. Un edificio proxectado polo enxeñeiro Félix de Uhagón en 1853. Faro de primeira orde. Emite un lampexo cada 5 segundos, que alcanza unha distancia de 31 millas (uns 57 km).

Cando os fareiros deixaron de ocupar o edificio, algunhas dependencias da planta baixa adaptáronse para fins culturais e turísticos. No seu interior realizáronse exposicións e actos culturais, ademais de cumprir a función de oficina de información turística, pero desde hai anos permanece pechado, a pesar de que este lugar é un dos máis visitados de toda Galicia.

Algo máis ao sur sitúase o **edificio da sirena**, de planta rectangular, que entrou en funcionamento en 1889, do que sobresaen dúas buguinas que emitían estrondosos sons cando había cerrazón de néboa. Popularmente coñécese como a *Vaca de Fisterra*, pola imitación do son co bruar deste animal.

Máis ao norte, sobre un promontorio máis elevado destaca o **edificio do Semáforo**, antiga estación de emisión de sinais mariñas, obra do enxeñeiro Joaquín López Vázquez, que entrou en funcionamento

torre de forma octogonal, coronada por la linterna. Un edificio proyectado por el ingeniero Félix de Uhagón en 1853. Faro de primer orden. Emite un destello cada 5 segundos, que alcanza una distancia de 31 millas (unos 57 km).

Cuando los fareros dejaron de ocupar el edificio, algunas dependencias de la planta baja se adaptaron para fines culturales y turísticos. En su interior se realizaron exposiciones y actos culturales, además de cumplir la función de oficina de información turística, pero desde hace años permanece cerrado, a pesar de que este lugar es uno de los más visitados de toda Galicia.

Algo más al sur se sitúa el **edificio de la sirena**, de planta rectangular, que entró en funcionamiento en 1889, del que sobresalen dos caracolas que emitían estruendosos sonidos cuando había cerrazón de niebla. Popularmente se conoce como la Vaca de Fisterra, por la imitación del sonido con el bramido de este animal.

Más al norte, sobre un promontorio más elevado destaca el **edificio del Semáforo**, antigua estación de emisión de señales marinas, obra del ingeniero Joaquín López Vázquez, que entró en funcionamiento

en 1883. Foi rehabilitado polo arquitecto César Portela para destinalo á hostalería.

Monte Facho
Accedemos ao cume deste monte (241 m) seguindo unha pista que sae á dereita, antes de chegar ao faro. O seu nome fai referencia ás lumaradas ou fachos que antigamente se prendían nos montes costeiros para alertar á poboación de posibles invasións a través do mar. O relixioso e viaxeiro italiano Domenico Laffi, cando visita Fisterra na segunda metade do século XVII, fai referencia a unha torre que había neste monte na que se prendía lume coa finalidade de orientar á navegación, pero tamén deixa constancia dos danos que causaban moitas das embarcacións que asaltaban este porto.

Ao comezar o ascenso atopámonos cun **miradoiro** construído unha vez selado o vertedoiro de lixo que había ao seu pé. Logo de subir unha empinada costa chegamos ao cume, onde vemos un recinto cerrado, no que se sitúan as antenas da Estación de Radio Telegráfica. Dentro deste, segundo Benjamín Trillo, estaría a tumba de *Orcavella*, nome que significa arca vella ou dolmen, á que fixemos

en 1883. Fue rehabilitado por el arquitecto César Portela para destinarlo a la hostelería.

Monte Facho
Accedemos a la cumbre de este monte (241 m) siguiendo una pista que sale a la derecha, antes de llegar al faro. Su nombre hace referencia a las hogueras o antorchas que antiguamente se encendían en los montes costeros para alertar a la población de posibles invasiones a través del mar. El religioso y viajero italiano Domenico Laffi, cuando visita Fisterra en la segunda mitad del siglo XVII, hace referencia a una torre que había en este monte en la que se prendía fuego con la finalidad de orientar a la navegación, pero también deja constancia de los daños que causaban muchas de las embarcaciones que asaltaban este puerto.

Al comenzar el ascenso nos encontramos con un **mirador** construido una vez sellado el vertedero de basura que había a su pie. Después de subir una empinada cuesta llegamos a la cumbre, donde vemos un recinto cerca, en el que se sitúan las antenas de la Estación de Radio Telegráfica. Dentro de este, según Benjamín Trillo, estaría la tumba de Orcavella, nombre que significa arca vieja o dolmen, a la que



Restos da capela de San Guillerme

referencia cando falamos das lendas.

Despois de pasar a parte cercada, sobre unha pequena elevación, que polo oeste precipítase cara ao mar, sitúanse as **Pedras Santas**, ás que fan referencia xa no século XVI varios viaxeiros que se achegaron a Fisterra.

Á baixada do monte Facho atopámonos á esquerda cunha pista de terra que bordea a súa aba oriental e nos conduce aos restos da **capela de San Guillerme**. Para chegar ata alí temos que desviarnos por un camiño á dereita que nos leva ata ese lugar. Desde este alto gozaremos de inmellorables vistas sobre a vila de Fisterra, a praia da Langosteira e o arco fisterrán. De par dun gran

hicimos referencia cuando hablamos de las leyendas.

Después de pasar la parte cercada, sobre una pequeña elevación, que por el oeste se precipita hacia el mar, se sitúan As **Pedras Santas**, a las que hacen referencia ya en el siglo XVI varios viajeros que se acercaron a Fisterra.

A la bajada del monte Facho nos encontramos a la izquierda con una pista de tierra que bordea su ladera oriental y nos conduce a los restos de la **capilla de San Guillerme**. Para llegar hasta allí tenemos que desviarnos por un camino a la derecha que nos lleva hasta ese lugar. Desde este alto disfrutaremos de inmejorables vistas sobre la villa de Fisterra, la playa de A Langosteira y el arco fisterrano. De par de una

penedo, vemos os restos dos muros da capela e dun sepulcro, que se podería corresponder coa "cama de pedra", da que nos fala o padre Sarmiento en 1745, na que se deitaban os matrimonios estériles para conseguir descendencia.

Non hai datos sobre a fundación desta ermida, sen embargo temos noticias de que durante a Idade Media foi un lugar importante de peregrinación, citado polos tribunais flamengos que impuñan como pena, peregrinar a un lugar afastado. Segundo o cardeal Del Hoyo, os piratas bretóns que atacaron Fisterra levaron as reliquias do santo que había nesta ermida e un brazo gornecido en prata do mesmo, que estaba depositado na parroquial.
A mesma figura do san Guillerme converteuse tamén en lenda, xa que existen diferentes versións sobre a súa personalidade. Aínda que en realidade debeuse tratar dun eremita que se retirou a vivir a este lugar.

De Fisterra a Muxía
Despois de visitar a vila e a península de Fisterra, ás que lle dedicaremos unha xornada, emprendemos a ruta que nos conduce a Muxía.

gran roca, vemos los restos de los muros de la capilla y de un sepulcro, que se podría corresponder con la "cama de piedra", de la que nos habla el padre Sarmiento en 1745, en la que se acostaban los matrimonios estériles para conseguir descendencia.

No hay datos sobre la fundación de esta ermita, sin embargo tenemos noticias de que durante la Edad Media fue un lugar importante de peregrinación, citado por los tribunales flamencos que imponían como pena, peregrinar a un lugar lejano. Según el cardenal Del Hoyo, los piratas bretones que atacaron Fisterra llevaron las reliquias del santo que había en esta ermita y un brazo guarnecido en plata del mismo, que estaba depositado en la parroquial.

La misma figura del San Guillerme se convirtió también en leyenda, ya que existen diferentes versiones sobre su personalidad. Aunque en realidad se debió tratar de un eremita que se retiró a vivir a este lugar.

De Fisterra a Muxía
Después de visitar la villa y la península de Fisterra, a las que le dedicaremos una jornada, emprendemos la ruta que nos conduce a Muxía.

Á saída de Fisterra, na recta da Anchoa, collemos a estrada á esquerda cara a Ermedesuxo, Denle, Castromiñán e praia do Rostro. A vía atravesa o **val de Duio**, no que se situaría a hipotética cidade deste nome. O topónimo perdura nas parroquias de San Martiño e San Vicenzo. Despois de Denle a estrada pasa a carón da aldea de **Castromiñán**, que recibe a denominación do poboado castrexo situado na beiramar, no que se aprecian con claridade os seus muros defensivos. Algo máis ao norte, sitúase a punta do Castelo, onde o 5 de decembro de 1987 embarrancou o cargueiro de bandeira panameña ***Casón***, accidente no que morreron 23 dos 31 tripulantes que ían a bordo. Entre a poboación da zona creouse unha grande alarma e pánico debido á toxicidade da carga que transportaba.

A estrada vaise achegando ao mar e pasa paralela á **praia do Rostro**, un extenso areal salvaxe duns dous quilómetros, de mar aberto e moi bravío, que produce un roncar continuo e envolvente, que paga a pena escoitar. Así o expresa o refrán: "Mar do Rostro, se casaras, ablandaras".

Continuamos camiño e pasamos polas aldeas

A la salida de Fisterra, en la recta de A Anchoa, cogemos la carretera a la izquierda hacia Ermedesuxo, Denle, Castromiñán y playa de O Rostro. La vía atraviesa el **valle de Duio**, en el que se situaría la hipotética ciudad de este nombre. El topónimo perdura en las parroquias de San Martiño y San Vicenzo. Después de Denle la carretera pasa al lado de la aldea de **Castromiñán**, que recibe la denominación del poblado castreño situado en la costa, en el que se aprecian con claridad sus muros defensivos. Algo más al norte, se sitúa la punta de O Castelo, donde el 5 de diciembre de 1987 embarrancó el carguero de bandera panameña ***Casón***, accidente en el que murieron 23 de los 31 tripulantes que iban a bordo. Entre la población de la zona se creó una gran alarma y pánico debido a la toxicidad de la carga que transportaba.

La carretera se va acercando al mar y pasa paralela a la **playa de O Rostro**, un extenso arenal salvaje de unos dos kilómetros, de mar abierto y muy bravío, que produce un roncar continuo y envolvente, que merece la pena escuchar. Así lo expresa el refrán: "Mar de O Rostro, si casaras, ablandaras".

Continuamos camino y pasamos por las aldeas de



Camiñantes atravesando a praia do Rostro

de Padrís e A Canosa e chegamos a **Lires**, parroquia xa do concello de Cee. O seu núcleo esténdese pola beira da estrada que conduce á pequena ría e á praia. Neste lugar desemboca o **río Castro**, que nace nas terras altas da parroquia vimiancesa de Castrelo. Fai de linde entre os concellos de Vimianzo, Cee e Muxía. O seu nome procede do lugar do Castro de Coucieiro, por onde pasa e forma o fermoso espazo natural das Caldeiras do Castro. Na súa desembocadura forma un pequeno esteiro ou ría, que constitúe un espazo natural de grande interese pola abundancia de aves que habitan este plácido lugar. Unha parte deste espazo está ocupado por

Padrís y A Canosa y llegamos a **Lires**, parroquia ya del ayuntamiento de Cee. Su núcleo se extiende por la orilla de la carretera que conduce a la pequeña ría y a la playa. En este lugar desemboca el **río Castro**, que nace en las tierras altas de la parroquia vimiancesa de Castrelo. Hace de límite entre los ayuntamientos de Vimianzo, Cee y Muxía. Su nombre procede del lugar de O Castro de Coucieiro, por donde pasa y forma el hermoso espacio natural de As Calderas do Castro. En su desembocadura forma un pequeño estuario o ría, que constituye un espacio natural de grande interés por la abundancia de aves que habitan este plácido lugar. Una parte de este espacio está ocupado por

unha extensa piscifactoría de troitas que se instalou no ano 1969, pertencente ao grupo "Tres Mares", que produce unhas 3500 t ao ano. O esteiro prolóngase a través da canle do regato de Lires e as augas da marea chegan ata a mesma aldea. Despois de atravesar o núcleo e cruzar o regato, achegámonos á **pequena ría**, que nos sorprende polo ambiente tranquilo e sosegado que se percibe durante o percorrido, tan só interrompido polo piar dalgunhas aves que habitan este espazo natural ou polo brinco dalgún peixe sobre as augas.

Ao final desta estrada gozamos dunha magnífica panorámica sobre a extensa **praia de Nemiña**. Para chegar a ela teremos que coller a estrada que leva ao cabo Touriñán e desviarnos á esquerda. Este amplo areal preséntasenos como un lugar idóneo para gozar dunha praia protexida do vento do nordés. Nos últimos anos converteuse nun dos lugares máis atractivos para a práctica do surf.

Por Lires pasa o **camiño xacobeo costeiro de Fisterra a Muxía**, citado por viaxeiros e peregrinos antigos, que cruzaban o río Castro a través duns pasais, que nos últimos anos estaban anegados

una extensa piscifactoría de truchas que se instaló en el año 1969, perteneciente al grupo "Tres Mares", que produce unas 3500 t al año. El estuario se prolonga a través del cauce del regato de Lires y las aguas de la marea llegan hasta la misma aldea. Después de atravesar el núcleo y cruzar el riachuelo, nos acercamos a la **pequeña ría**, que nos sorprende por el ambiente tranquilo y sosegado que se percibe durante el recorrido, tan sólo interrumpido por el canto de algunas aves que habitan este espacio natural o por el salto de algún pez sobre las aguas.

Al final de esta carretera disfrutamos de una magnífica panorámica sobre la extensa **playa de Nemiña**. Para llegar a ella tendremos que coger la carretera que lleva al cabo Touriñán y desviarnos a la izquierda. Este amplio arenal se nos presenta como un lugar idóneo para disfrutar de una playa protegida del viento del noreste. En los últimos años se convirtió en uno de los lugares más atractivos para la práctica del surf.

Por Lires pasa el **camino jacobeo costero de Fisterra a Muxía**, citado por viajeros y peregrinos antiguos, que cruzaban el río Castro a través de unos pasos, que en los últimos años estaban anegados por



Ponte peonil de Vaosilveiro no camiño xacobeo de Fisterra-Muxía

polas augas da presa que abastece á piscifactoría. Coa construción no ano 2011 da ponte peonil púxose fin á dificultade que supoñía cruzar o río por este lugar. Da outra banda está o casal de **Vaosilveiro**, soar da familia dos Oreiro. Topónimo que lle serviu de inspiración ao escritor muxián Gonzalo López Abente para unha das súas novelas.

Lires foi un lugar pioneiro en apostar polo turismo rural. Aquí abriuse o primeiro establecemento deste tipo na Costa da Morte. Se anteriormente a súa xente vivía fundamentalmente do traballo agrícola, na actualidade o turismo converteuse na actividade principal.

las aguas de la presa que abastece a la piscifactoría. Con la construcción en el año 2011 del puente peatonal se puso fin a la dificultad que suponía cruzar el río por este lugar. De la otra banda está el casal de **Vaosilveiro**, solar de la familia de los Oreiro. Topónimo que le sirvió de inspiración al escritor muxiano Gonzalo López Abente para una de sus novelas.

Lires fue un lugar pionero en apostar por el turismo rural. Aquí se abrió el primer establecimiento de este tipo en A Costa da Morte. Si anteriormente su gente vivía fundamentalmente del trabajo agrícola, en la actualidad el turismo se convirtió en la actividad principal.

Deixamos Lires pola estrada cara a Pereiriña e a uns tres quilómetros, desviámonos á esquerda cara ao cabo Touriñán. Cruzamos o río Castro pola Ponte Nova e pasamos por **Frixe**. A súa igrexa parroquial de Santa Locaia conserva restos románicos. A 2,5 km, atoparémonos coa desviación á esquerda que conduce á praia de Nemiña, por se nos apetece achegarnos a este lugar. Seguimos pola estrada que leva ao cabo Touriñán.

Cabo Touriñán
Esta punta é a máis occidental de Galicia, e, polo tanto, da España continental (Coordenadas: 43º 03' 20" lat. N e 9º 17' 54" lonx. O).

Hai dúas épocas do ano nas que neste lugar se pon o último raio de sol da Europa continental. A primeira, entre o 21 de marzo e o 23 de abril e a segunda, entre o 13 de agosto e o 22 de setembro, segundo o estudo realizado polo físico baiés Jorge Mira Pérez. Touriñán toma o relevo do cabo Roca en Portugal e cédello ao cabo Vardetangen, en Noruega.

O promontorio está constituído por unha península duns dous quilómetros de longo, que remata na punta Buxeirados e uns 900 m na parte máis

Dejamos Lires por la carretera hacia Pereiriña y a unos tres kilómetros, nos desviamos a la izquierda hacia el cabo Touriñán. Cruzamos el río Castro por A Ponte Nova y pasamos por **Frixe**. Su iglesia parroquial de Santa Locaia conserva restos románicos. A 2,5 km, nos encontraremos con la desviación a la izquierda que conduce a la playa de Nemiña, por si nos apetece acercarnos a este lugar. Seguimos por la carretera que lleva al cabo Touriñán.

Cabo Touriñán
Esta punta es la más occidental de Galicia, y, por lo tanto, de la España continental (Coordenadas: 43º 03' 20" lat. N y 9º 17' 54" long. O).

Hay dos épocas del año en las que en este lugar se pone el último rayo de sol de la Europa continental. La primera, entre el 21 de marzo y el 23 de abril y la segunda, entre el 13 de agosto y el 22 de septiembre, según el estudio realizado por el físico baiés Jorge Mira Pérez. Touriñán toma el relevo del cabo Roca en Portugal y se lo cede al cabo Vardetangen, en Noruega.

El promontorio está constituido por una península de unos dos kilómetros de largo, que finaliza en la punta Buxeirados y unos 900 m

ancha, pero cun istmo de 300 m entre o Porto da Insua e a enseada do Saco de Touriñán. Trátase dunha lingua de terra agreste moi afectada polo vento que non permite a vexetación arbórea, toda ela está cuberta por un manto de toxo e queiroas.

A súa liña litoral está formada por unha costa escarpada e rochosa, con perigosos baixos, que dificultan a navegación nas súas proximidades. O máis perigoso de todos eles é a **Laxe de Touriñán**, situado a tres cuartos de milla cara ao oeste do cabo. Un lugar no que embarrancaron numerosos barcos. Esta cantiga popular recolle a dificultade para cruzar esta punta:

Santo Cristo de Fisterra,
santo da barba dourada,
axúdame a remontar
a Laxe de Touriñana.

Na parte oeste sitúase o **illote do Herboso ou Castelo**, ao que se pode acceder a pé de marea baixa. Sobre el aséntanse os restos dun castro, do que recibe o nome.

O **faro** sitúase na punta occidental do promontorio. O edificio antigo, de planta cadrada, está choído en cantería, recebado de branco, deixando a pedra á vista nas aberturas e nos

en la parte más ancha, pero con un istmo de 300 m entre o Porto da Insua y la ensenada de O Saco de Touriñán. Se trata de una lengua de tierra agreste muy afectada por el viento que no permite la vegetación arbórea, toda ella está cubierta por un manto de tojo y brezos.

Su línea litoral está formada por una costa escarpada y rocosa, con peligrosos bajos, que dificultan la navegación en sus cercanías. El más peligroso de todos ellos es A **Laxe de Touriñán**, situado a tres cuartos de milla hacia el oeste del cabo. Un lugar en el que embarrancaron numerosos barcos. Esta cantiga popular recoge la dificultad para cruzar esta punta:

Santo Cristo de Fisterra,
santo da barba dourada,
axúdame a remontar
a Laxe de Touriñana.

En la parte oeste se sitúa el **islote de O Herboso o Castelo**, al que se puede acceder a pie de marea baja. Sobre él se asientan los restos de un castro, del que recibe el nombre.

El faro se sitúa en la punta occidental del promontorio. El edificio antiguo, de planta cuadrada, está construido en cantería, enfoscado de blanco, dejando la piedra a la vista en las aberturas y en



Edificio antigo e novo do faro Touriñán

esquinais. Inaugurouse o 15 de decembro 1898. Os planos son obra do enxeñeiro Adolfo Pequeño, un dos redactores do proxecto do novo Vilán, e datan de 1884. Trátase dun edificio cuadrangular de 14 m de lado, con tellado a catro vertentes e unha pequena torre que apenas sobresae do vértice superior do tellado, rodeada por un balcón con varandas de ferro e unha lanterna de cristais planos e montantes verticais. Arredor desta torre octogonal que ocupaba o centro do edificio distribuíanse as dependencias para vivir os dous torreiros coas súas familias e outros espazos para o servizo. Este primeiro faro emitía unha luz branca fixa cun alcance de 10 millas, producida por unha lámpada "Mares"

los esquinales. Se inauguró el 15 de diciembre 1898. Los planos son obra del ingeniero Adolfo Pequeño, uno de los redactores del proyecto del nuevo Vilán, y datan de 1884. Se trata de un edificio cuadrangular de 14 m de lado, con tejado a cuatro vertientes y una pequeña torre que apenas sobresale del vértice superior del tejado, rodeada por un balcón con barandilla de hierro y una linterna de cristales planos y montantes verticales. Alrededor de esta torre octogonal que ocupaba el centro del edificio se distribuían las dependencias para vivir los dos torreros con sus familias y otros espacios para el servicio. Este primer faro emitía una luz blanca fija con un alcance de 10 millas, producida por una

de parafina e cun aparello óptico procedente do faro antigo do cabo Vilán. No ano 1918 reformouse a óptica, para producir ocultacións en grupos de 2 e 1 cada 15 segundos. Tamén se lle instalou unha nova lámpada que funcionaba con vapor de petróleo a presión, cun alcance de luz de 20 millas (37 km).

En 1981 construíuse o novo faro, con moi pouco gusto estético, que substituíu ao antigo. Unha torre cilíndrica de formigón de 3 m de diámetro e 14 de altura, con dous balconciños circulares con varandas metálicas e unha cúpula que acolle a lanterna. Funciona cunha lámpada eléctrica de 1500 vatios, que proxecta a luz a unha distancia de 24 millas.

Retornamos do cabo Touriñán e ao chegar ao cruce do Seixo, a uns 4 km, viramos á esquerda en dirección a Viseo e ao chegar a esta aldea, collemos de novo á esquerda a estrada que leva a Cuño, Lourido e Muxía. Unha estrada estreita e con bastantes curvas que bordea a costa, pero que nos permite gozar de espléndidas paisaxes sobre este litoral.

Ao chegar a **Lourido** a estrada anchéase debido ao novo trazado que se

lámpara "Mares" de parafina y con un aparato óptico procedente del faro antiguo del cabo Vilán. En el año 1918 se reformó la óptica, para producir ocultaciones en grupos de 2 y 1 cada 15 segundos. También se le instaló una nueva lámpara que funcionaba con vapor de petróleo a presión, con un alcance de luz de 20 millas (37 km).

En 1981 se construyó el nuevo faro, con muy poco gusto estético, que sustituyó al antiguo. Una torre cilíndrica de hormigón de 3 m de diámetro y 14 de altura, con dos balconcillos circulares con barandillas metálicas y una cúpula que acoge la linterna. Funciona con una lámpara eléctrica de 1500 vatios, que proyecta la luz a una distancia de 24 millas.

Retornamos del cabo Touriñán y al llegar al cruce de O Seixo, a unos 4 km, giramos a la izquierda en dirección a Viseo y al llegar a esta aldea, cogemos de nuevo a la izquierda la carretera que lleva a Cuño, Lourido y Muxía. Una carretera estrecha y con bastantes curvas que bordea la costa, pero que nos permite disfrutar de espléndidos paisajes sobre este litoral.

Al llegar a **Lourido** la carretera se anchea debido al nuevo trazado que se realizó



Parador Costa da Morte, situado en Lourido (Muxía)

realizou para dar servizo ao **Parador Costa da Morte**, situado preto deste núcleo.

A idea de construír este parador xurdiu a raíz da catástrofe do Prestige, que no ano 2002 produciu unha enorme marea negra en todo o litoral galego, sobre todo na Costa da Morte.

O obxectivo deste proxecto era impulsar a economía desta zona a través do turismo, pero a súa execución foi moi lenta, pois prolongouse durante 18 anos. Este novo establecemento hoteleiro non abriu as súas portas ata o 25 de xuño de 2020, pero fíxoo con moito éxito pola numerosa demanda que tivo ese verán e que se está a consolidar co paso do tempo.

para dar servicio al **Parador Costa da Morte**, situado cerca de este núcleo.

La idea de construir este parador surgió a raíz de la catástrofe del Prestige, que en el año 2002 produjo una enorme marea negra en todo el litoral gallego, sobre todo en A Costa da Morte.

El objetivo de este proyecto era impulsar la economía de esta zona a través del turismo, pero su ejecución fue muy lenta, pues se prolongó durante 18 años. Este nuevo establecimiento hotelero no abrió sus puertas hasta el 25 de junio de 2020, pero lo hizo con mucho éxito por la numerosa demanda que tuvo ese verano y que se está consolidando con el paso del tiempo.

O autor do proxecto foi o arquitecto vigués Alfonso Penela, que ideou un edificio construído en escaleira para que se adaptase ao desnivel do terreo, e reducir deste xeito o impacto ambiental. Contribúen tamén neste sentido as cubertas vexetais dos pavillóns nos que se sitúan os cuartos, que gozan de extraordinarias vistas sobre a praia de Lourido.

O conxunto ocupa unha parcela de 128.000 m^2 e consta de 63 habitacións, salón de actos, restaurante, cafetería, spa, piscina e outros espazos comúns. Unha construción cunha liña vangardista na que o cristal e a madeira destacan como materiais utilizados. Para o seu mobiliario e elementos decorativos tívose en conta a natureza, a historia e cultura da zona, realizado cun deseño sinxelo e atemporal, no que o pasado se combina co presente. Na decoración interior percíbese unha mostra da arte, fotografía ou da artesanía de Muxía e da Costa da Morte. Esta influencia local tamén se observa na colección de libros que ocupan os andeis da súa biblioteca.
Desde Lourido trasladámonos a **Muxía**, unha parada obrigada dentro deste primeiro roteiro.

El autor del proyecto fue el arquitecto vigués Alfonso Penela, que ideó un edificio construido en escalera para que se adaptara al desnivel del terreno, y reducir de este modo el impacto ambiental. Contribuyen también en este sentido las cubiertas vegetales de los pabellones en los que se sitúan los cuartos, que disfrutan de extraordinarias vistas sobre la playa de Lourido.

El conjunto ocupa una parcela de 128.000 m^2 y consta de 63 habitaciones, salón de actos, restaurante, cafetería, spa, piscina y otros espacios comunes. Una construcción con una línea vanguardista en la que el cristal y la madera destacan como materiales utilizados.

Para su mobiliario y elementos decorativos se tuvo en cuenta la naturaleza, la historia y cultura de la zona, realizado con un diseño sencillo y atemporal, en el cual el pasado se combina con el presente.
En la decoración interior se percibe una muestra del arte, fotografía o de la artesanía de Muxía y de A Costa da Morte. Esta influencia local también se observa en la colección de libros que ocupan las estanterías de su biblioteca.

Desde Lourido nos trasladamos a Muxía, una parada obligada dentro de esta primera ruta.



Vila de Muxía a comezos do século XX

> Vila de Muxía

Historia
Esta pequena localidade de pouco máis de mil habitantes sitúase sobre o tómbolo de area que se formou entre o monte Corpiño, ao norte, e o monte do Enfesto, ao sur, na estreita península que remata na punta da Barca. A súa orixe está vencellada ao antigo mosteiro de San Xulián de Moraime, próximo a ela. O nome de Muxía (terra de monxes), fai alusión á comunidade relixiosa deste mosteiro, foco evanxelizador das terras da contorna.

A primeira referencia histórica ao núcleo muxián aparece no século XII, na que se cita a parroquia de Santa

> Vila de Muxía

Historia
Esta pequeña localidad de poco más de mil habitantes se sitúa sobre el tómbolo de arena que se formó entre el monte Corpiño, al norte, y el monte de O Enfesto, al sur, en la estrecha península que finaliza en la punta de A Barca.

Su origen está vinculado al antiguo monasterio de San Xulián de Moraime, próximo a ella. El nombre de Muxía (tierra de monjes), hace alusión a la comunidad religiosa de este monasterio, foco evangelizador de las tierras del entorno.

La primera referencia histórica al núcleo muxiano aparece en el siglo XII, en la que se

María. No ano 1346, o rei Alfonso IX concédelle a este porto o foro da Coruña, que lle permitía aos seus veciños gozar de certos dereitos, pero que tiñan a obriga de respectar os privilexios que o mosteiro de Moraime tiña sobre esta vila.

O cardeal J. del Hoyo nas súas *Memorias* recolle que a pesca era o único medio de vida dos seus habitantes e que o espazo xurisdicional desta vila era tan reducido que os muxiáns dependían da parroquia de Moraime para aprovisionarse de elementos tan básicos como a leña, a auga ou os produtos agrícolas.

Segundo Del Hoyo o emperador Carlos V trocoulle aos monxes de Moraime o porto muxián por outro e despois cedeullo ao arcebispo compostelán, deste xeito Muxía pasará a estar baixo o señorío da mitra santiaguesa.

A mediados do século XVIII, segundo o *Catastro de Ensenada*, esta vila tiña 94 veciños (uns 350 hab.) e a súa maioría dedicábase á pesca da sardiña e do congro. A artesanía do encaixe xa tiña certa relevancia tanto polo número de mulleres que a practicaban como polo número de familias que se dedicaba á súa venda.

cita la parroquia de Santa María. En el año 1346, el rey Alfonso IX le concede a este puerto el foro de A Coruña, que le permitía a sus vecinos disfrutar de ciertos derechos, pero que tenían el deber de respetar los privilegios que el monasterio de Moraime tenía sobre esta villa.

